



**Concello de Vigo**

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión do 24 de OUTUBRO de 2019**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Carmen Silva Rego  
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira  
D<sup>a</sup> Elena Espinosa Mangana  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> José Caride Estévez  
D. Carlos López Font  
D. Abel Losada Álvarez  
D. Jaime Aneiros Pereira  
D<sup>a</sup> Yolanda Aguiar Castro  
D<sup>a</sup> Patricia Rodríguez Calviño

Na Casa do Concello de Vigo, ás trece horas e vinte minutos do día vinte e catro de outubro de dous mil dezanove e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Aguiar Castro, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(935).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.**

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

**2(936).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO “PROXECTO DE PREVENCIÓN DE DROGODEPENDENCIAS E CONDUTAS ADITIVAS NO EIDO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO” E SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL DA XUNTA DE GALICIA. EXPTE. 193436/301.**

Visto o informe de fiscalización do 24/10/19, dáse conta do informe-proposta de data 22/10/19, asinado polo xefe de Área de Benestar Social, a concelleira de Política Social e a secretaria de Admón. Municipal, que di o seguinte:

Con data 12.06.2019 a Concelleira delegada de Política Social (Yolanda Aguiar Castro) á vista do informe da mesma data do Xefe de Área de Benestar social, resolveu iniciar o expediente de solicitude de subvención para o **PROXECTO DE PREVENCIÓN DE DROGODEPENDENCIAS E CONDUTAS ADICTIVAS NO EIDO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO 2019 - 2022** perante a Consellería de Política Social da Xunta de Galicia, a fin de obter as axudas destinadas ó cofinanciamento do proxecto.

O 27 de setembro de 2019 publicouse no DOGA nº 284 a ORDE do 16 de setembro de 2019 pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións en réxime de concorrencia competitiva para o cofinanciamento de proxectos de prevención de condutas adictivas promovidos por concellos, mancomunidades de concellos ou agrupacións de concellos da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria (código de procedemento SA463G).

Esta orde ten por obxecto establecer as bases reguladoras e convocar en réxime de concorrencia competitiva a concesión de subvencións para o cofinanciamento de proxectos de prevención de condutas adictivas realizados por entidades locais galegas .

A Concellería de política social a través do PLDA- Comisión de prevención elaborou o programa de prevención de adicións no Concello de Vigo 2019-2022. Os custes desglosados do proxecto son:

	<b>Programas/accións</b>	<b>Persoal</b>	<b>Total</b>
<b>Curso 2019-2020</b>	69.725,00	98.936,87	139.016,19
<b>Curso 2020-2021</b>	69.725,00	127.960,89	139.016,19
<b>Curso 2021-2022</b>	69.725,00	127.960,89	139.016,19
<b>TOTAL</b>	<b>209.175,00</b>	<b>354.858,64</b>	<b>564.033,64</b>
COFINANCIACIÓN CONCELLO DE VIGO: 36%			203.052,11
<b>COFINANCIACIÓN XUNTA DE GALICIA: 64% (CONTÍA SOLICITADA)</b>			<b>360.981,53</b>

Para o desenvolvemento do programa de prevención no orzamento Concello de Vigo figura unha aplicación orzamentaria 2310.2279909 Plan Local de Drogas dotada con 70.000€. Ademais para a xustificación da subvención se incluíu o 60% dos custes laborais das dúas traballadoras municipais encargadas do Plan de prevención.

En todo caso, unha vez notificada a resolución definitiva polo órgano competente, as entidades interesadas propostas como beneficiarias disporán dun prazo de dez días para a súa aceptación, transcorrido o cal sen que se produza manifestación expresa entenderase tacitamente aceptada.

#### PROPOSTA DE ACORDO

Polo anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, a adopción do seguinte,

«ACORDO

PRIMEIRO: Aprobar o «**PROXECTO DE PREVENCIÓN DE DROGODEPENDENCIAS E CONDUTAS ADICTIVAS NO EIDO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO 2019 - 2022**», elabo-



## Concello de Vigo

rado pola Concellería de Política social do Concello de Vigo, con un custe total de 564.033,64€.

SEGUNDO: Solicitar unha subvención para a cofinanciación do *PROXECTO DE PREVENCIÓN DE DROGODEPENDENCIAS E CONDUCTAS ADICTIVAS NO EIDO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO 2019 - 2022*. o abeiro da orde de 16 de setembro de 2019, publicada no DOGA n.º 284 de 27 de setembro de 2019, por un importe de 360.981,53€, aceptándose as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na orde,

TERCEIRO: Facer constar que a sinatura de todos os documentos e comunicacións e a orde e visto e prace das certificacións que se remitan á Consellería de Política Social relacionadas co presente expediente, correspóndelle á Concelleira delegada de Política de Benestar Social, D<sup>a</sup> Yolanda Aguiar Castro, segundo Decreto de Delegacións de data 18 de xuño de 2019».

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### PROXECTO DE PREVENCIÓN DE DROGODEPENDENCIAS E CONDUCTAS ADICTIVAS NO EIDO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO 2019 - 2022

#### DESCRIPCIÓN XERAL DO PROXECTO

**1º. Descrición detallada da unidade ou servizo de prevención:** localización, infraestrutura física e de medios técnicos dispoñibles e descrición de todo o persoal que a compón (con información sobre número, vinculación contractual, titulación e xornada laboral).

O **Plan Local de Drogodependencias e outras Adicións (PLDA) de Vigo** é unha estrutura integrada polo Concello de Vigo e diferentes entidades que desenvolven a súa actividade na cidade, para consensuar, coordinar e executar as intervencións necesarias no ámbito das drogodependencias e outras adicións, cos seguintes instrumentos básicos:

- Documento de referencia que recolle obxectivos xerais e específicos para cada área de traballo (organización, prevención, asistencia e incorporación social), estratexias de intervención, cronogramas de execución e criterios para a avaliación.
- Estrutura organizativa, de carácter colexiado, que sustenta o traballo conxunto e coordinado entre Administración Local e entidades colaboradoras en materia de drogodependencias e outras adicións. Composta por presidencia, dirección técnica, oficina técnica, comisións técnicas, grupos de traballo, comisión permanente, e plenario.
- Servizos municipais con implicación directa na problemática das drogodependencias e outros relacionados: Servizo de benestar social, CEDRO (unidade asistencial e unidade de día), comisión interdepartamental, biblioteca-centro de documentación, lista de distribución electrónica e páxina web.
- Entidades colaboradoras integradas na estrutura organizativa para contribuír ao desenvolvemento do PLDA.
- Financiamento: Partida presupostaria municipal propia. Convenios e subvencións.

A **prevención de condutas adictivas** é unha das principais áreas de traballo do PLDA de Vigo que, na actualidade, desenvolve o **III PLDA 2011-2016** (dispoñible na seguinte dirección:

<http://hoxe.vigo.org/movemonos/atencionsocial8.php?lang=gal>), que se atopa prorrogado ate seis meses despois da aprobación do próximo Plan de Trastornos Adictivos de Galicia.

Dende 2002, o PLDA de Vigo constitúese en marco de referencia para as actuacións en materia de condutas adictivas na cidade. O PLDA implantou e desenvolve un **programa integral de prevención de condutas adictivas para Vigo**, que se leva a cabo de forma unificada e coordinada entre o Concello e as principais entidades sectoriais da cidade, recursos ou grupos de interese implicados na prevención das drogodependencias, cos seguintes niveis de coordinación:

- Administración Local: o PLDA está integrado na estrutura da área de Benestar social. Dende a oficina técnica do PLDA promóvese a coordinación coas **áreas municipais implicadas na atención da problemática asociada co fenómeno das condutas adictivas**: CEDRO (unidade asistencial e unidade de día), servizos sociais comunitarios, programas de intervención familiar, xuventude, muller e igualdade, riscos laborais e policía local, entre outros. O Concello de Vigo dispón tamén dunha ampla oferta de actividades alternativas ao consumo de drogas para o tempo de ocio xuvenil que se desenvolve baixo o marco do "**Programa Ocio alternativo de Vigo**", organizado dende o ano 2000 pola Concellería de Xuventude. Trátase dun programa dirixido a mozos de 12 a 30 anos, formulado como actuación global, cunha programación que inclúe actividades de carácter lúdico, físico-deportivo, cultural, de acceso a novas tecnoloxías, formativas e informativas, e espazos para quedar. O programa conta con financiamento do Ministerio de Saúde, Servizos Sociais e Igualdade, a través das axudas a corporacións locais para o desenvolvemento de programas de prevención das drogodependencias, con cargo ao Fondo de Bens comisados por tráfico ilícito de drogas e outros delitos relacionados, en aplicación da Lei 17/2003, de 29 de maio.
- Administración Autónoma: para o desenvolvemento das directrices do Plan de trastornos adictivos da Xunta de Galicia e como **servizo de prevención de condutas adictivas**:
  1. Atender e canalizar as demandas de información, asesoramento e formación en relación coas drogas no seu ámbito territorial de actuación.
  2. Planificar, executar e avaliar programas de prevención de condutas adictivas nos diferentes ámbitos de intervención: educativo, familiar, xuvenil, laboral, muller, poboacións vulnerables e outras actividades transversais de información-sensibilización, así como a formación de mediadores/as sociais e sanitarios/as.
  3. Rexistrar todos os programas preventivos realizados na aplicación informática XESAPI (Xestión do Sistema de avaliación de programas de prevención).
  4. Ser un nexo de unión e coordinación entre a Dirección Xeral de Saúde Pública e aquelas entidades que poidan estar implicadas co proxecto de prevención, tales como entidades privadas sen ánimo de lucro, centros escolares, sociais, sanitarios, entidades veciñais ou de calquera outro tipo.
  5. Difundir á sociedade as actividades preventivas que se estean realizando no seu territorio, así como os resultados alcanzados con elas.
  6. Detectar no seu ámbito posibles incumprimentos da normativa sobre promoción, publicidade, venda, subministración e consumo de bebidas alcohólicas e tabaco.
  7. Atender ás indicacións da Dirección Xeral de Saúde Pública derivadas dos principios e directrices do plan de trastornos adictivos vixente.
  8. Elaborar informes que permitan o seguimento e avaliación dos proxectos preventivos segundo determine a Dirección Xeral de Saúde Pública.
  9. Colaborar coas organizacións e institucións que a Dirección Xeral de Saúde Pública designe para monitorizar e avaliar as actividades e os programas preventivos desenvolvidos.
- Entidades colaboradoras do PLDA: dende a posta en marcha deste proxecto, o número e tipoloxía das entidades colaboradoras variou co transcurso do tempo. As entidades



## Concello de Vigo

participantes no III PLDA 2011-2016 son: Asociación Cidadá de Loita contra a Droga (ACLAD) "Alborada", Asociación Viguesa de Alcoholoxía - ASVIDAL (baixa en 2013), Cáritas Diocesana de Tui-Vigo, Asociación de Axuda aos Toxicómanos "Érguete", Federación de Asociacións de Familiares e Persoas con Enfermidade Mental - FEAFES Galicia, Fundación Érguete Integración, Hermanos Misioneros de los Enfermos Pobres, Asociación de Madres en defensa de los Jóvenes Drogodependientes – MADRO (baixa en 2014), Médicos do Mundo - Vigo, Plan Comunitario de Teis, CEDRO, Servizos sociais comunitarios, Centro Integral de Inclusión e Emerxencia Social (CIIES). Novas incorporacións: Asociación Arela, Asociación Inclúe, Asociación Amaina, Centro de Inserción Social de Vigo - CP A Lama, Emaús, DOA Saúde mental

- Ámbito territorial local: A oficina técnica do PLDA xestiona a coordinación con varios departamentos municipais e con todo tipo de entidades e organismos de interese para a atención aos problemas relacionados coas condutas adictivas. Sinalar especialmente a estreita relación desenvolvida cos centros educativos da cidade e coa Federación Olívica de Asociacións de Nais e Pais de Alumnos (FOANPAS), que representa 64 ANPAS de centros públicos de Vigo e bisbarra.

A **oficina técnica do PLDA** integrouse na estrutura orgánica municipal, dentro da área de benestar social, con asignación específica de financiamento, persoal funcionario, infraestrutura e recursos materiais axeitados. Para o desenvolvemento das súas funcións como **equipo ou unidade de prevención**, a oficina do PLDA encárgase de xestionar o **plan integral de prevención de condutas adictivas para a cidade de Vigo**, cos obxectivos de:

- detectar necesidades de intervención
- deseñar e elaborar programas de prevención
- difundir a oferta preventiva
- distribuír e coordinar a execución de programas e
- avaliar resultados.

A súas **funcións específicas** adáptanse ao establecido no artigo 7 da Orde do 16 de setembro de 2019 (D.O.G 184).

A **experiencia** no desenvolvemento de programas de prevención de condutas adictivas, expresada en anos de colaboración coa Consellería de Sanidade ou co Servizo Galego de Saúde, é **superior a 15 anos**

O Concello de Vigo está inscrito no **Rexistro de entidades colaboradoras do Plan de Galicia sobre Drogas** co número SA 436D 2005/12

### LOCALIZACIÓN:

- Centro Municipal de Servizos Sociais de Coia, rúa Quintela nº 31, 36209 Vigo. Teléfono: 986 276008. E-mail: [plda@vigo.org](mailto:plda@vigo.org).

### INFRAESTRUCTURA FÍSICA:

- Oficina propia con 2 postos de traballo. Uso compartido de sala de reunións e sala multiusos (35 prazas)

### MEDIOS TÉCNICOS:

- 2 ordenadores, 1 impresora, teléfono (986 276 008) fax (986 244 672), conexión intranet e internet, páxina web ([plda.vigo.org](http://plda.vigo.org)), correo electrónico ([plda@vigo.org](mailto:plda@vigo.org)).

### PERSONAL:

- Francisco Otero Lamas, funcionario, psiquiatra, director técnico do PLDA e oficina do PLDA-Equipo de prevención, 3,75 horas/semana ([francisco.otero@vigo.org](mailto:francisco.otero@vigo.org)).

- Pilar Dominguez González, funcionaria, psicóloga clínica, coordinación da oficina e técnica de prevención, 22,5 horas/semana (pilar.dominguez@vigo.org).
- Teresa Salvadores Canedo, funcionaria, traballadora social, técnica de xestión da oficina e técnica de prevención, 22,5 horas/semana. (teresa.salvadores@vigo.org).

Para o desenvolvemento das súas funcións, a unidade de prevención conta co apoio de:

- **COMISIÓN TÉCNICA DE PREVENCIÓN DO PLDA:** Integrada por un técnico ou unha técnica por cada unha das entidades do PLDA que desenvolve accións na área de prevención, coas funcións principais de: impulsar o desenvolvemento dos obxectivos da área de prevención, avaliar os resultados das accións e estratexias, elaborar os novos obxectivos da área de prevención
- **COLABORACIÓN** por parte de diferentes colectivos tales coma Federación Olívica de Asociacións de Nais e Pais de Alumnos (FOANPAS), equipos directivos e de orientación dos centros de ensino, servizo de riscos laborais e servizos sociais do Concello de Vigo.

### **PERSPECTIVA DE XÉNERO**

A incorporación da perspectiva de xénero en todos os programas de prevención de drogodependencias e outras adicións incluídos neste proxecto, ten como obxectivo a ruptura da tendencia á igualación das pautas de consumo de drogas das mulleres coas dos homes, reducindo deste xeito a incidencia de problemas de drogas nas mulleres, así coma mellorar as intervencións asistenciais con elas. Para conseguir este obxectivo, en cada un dos programas preventivos, temos en conta as seguintes cuestións:

- Transmitir a distinta vulnerabilidade de homes e mulleres con respecto aos efectos e consecuencias do consumo de drogas.
- Traballar sobre os estereotipos que afectan ás mulleres pola creenza de que o consumo de certas drogas favorece e potencia o atractivo físico.
- Abordar a alta prevalencia que ten o consumo de alcohol ou/e outras drogas na violencia de xénero.

### **ESTUDO SOBRE CONSUMO DE ALCOL, SUSTANCIAS E OUTRAS CONDUCTAS ADICTIVAS NA MOCIDADE VIGUESA – 2019**

Entre marzo e maio de 2019, o Concello de Vigo desenvolveu, en colaboración coa USC, un estudo cos obxectivos xerais de contribuír á optimización do PLDA de Vigo e redefinir a estratexia de prevención na cidade. O estudo foi coordinado por Antonio Rial Boubeta (Unidade de Psicoloxía do Consumidor e Usuario da USC) e contou coa colaboración da dirección dos centros educativos, profesorado, orientadoras, Anpas e técnicos do propio concello.

#### Obxectivos específicos

1. Analizar as actuais preocupacións da mocidade, a convivencia escolar e familiar.
2. Cuantificar os niveis de consumo das diferenzas substancias psicoactivas.
3. Avaliar os patróns de risco do consumo de drogas.
4. Analizar o uso de drogas facilitadoras de asalto sexual entre os adolescentes.
5. Avaliar a situación das novas adicións sen substancia.
6. Coñecer e detallar o incidente das apostas e xogos de azar.

#### Ficha técnica

A) **Ámbito:** Concello de Vigo. B) **Universo:** Finito (estimado en 15000 suxeitos). Mozos, mozos e adolescentes con idades comprendidas entre os 12 e os 20 anos que estean a cursar estudos de ESO, FP ou Bacharelato en centros públicos ou concertados do Concello de Vigo. C) **Tipo de mostraxe:** Bietápico. Por Conglomerados para a selección das unidades de primeiro nivel (69



## Concello de Vigo

centros educativos) e por Cotas segundo o Nivel Educativo, Xénero, Curso e Titularidade do centro para a selección das unidades de segundo nivel. D) Tamaño da mostra mínimo: 4122 mozos. E) Hipótese peor:  $p = q = 0,50$ . F) Nivel de significación:  $\alpha = 0,05$ . G) Erro de mostraxe:  $\pm 1,3\%$ . H) Instrumento de recollida de datos: cuestionario adhoc, que incluíu preguntas da última edición do ESTUDES e do ESPAD, xunto con ítems de nova creación e escalas de screening específicas como o CRFATT, o AUDIT ou o CAST. I) Procedemento: cuestionario online mediante plataforma propia de USC- PSICOM, garantindo a confidencialidade da información e o anonimato das respostas, así como a normativa vixente en ter de protección de datos (LOPD).

### Metodoloxía

Elaborouse un cuestionario expresamente para este estudo, deseñado polo equipo de USC- PSICOM en colaboración co Center for Adolescent Substance Abuse Research da Universidade de Harvard, centro de referencia internacional na investigación das adicións no campo dos adolescentes. Incluíronse diferentes ítems e apartados da última edición da Enquisa sobre o uso de drogas en Ensino Secundario en España [ESTUDES], así como do European School Survey Project on Alcohol and Other Drugs [ESPAD].

Realizouse unha "Xornada de formación e dinamización para a prevención das condutas adictivas (con e sen substancia) desde a comunidade", os días 13 e 14 de febreiro de 2019, nas que levou a cabo a presentación do estudo, co fin de informar sobre o seu contido, estandarizar o procedemento para a recollida de datos e resolver as posibles dúbidas a nivel teórico e técnico.

Os datos foron recollidos mediante unha enquisa online. Cada centro coordinouse autonomamente para levar a cabo a recollida de datos. Tanto os menores como os seus pais foron informados da finalidade do estudo, facendo especial fincapé na confidencialidade e o anonimato das respostas. Para iso, creouse un sistema de credenciais e contrasinais persoais, para cada centro e alumno. A participación no estudo foi voluntaria e o tempo de enchemento foi de aproximadamente 25 minutos. Contouse coa total colaboración dos centros e das asociacións de pais e nais.

### Resultados

A mostra final ascendeu a 4.132 mozos e mozas (49,3% mulleres, 48,9% homes; 1,7% outro xénero). O 72,2% do alumnado enquisado cursaba Educación Secundaria Obrigatoria, o 18,2% Bacharelato e a 9,6% Formación Profesional.

Na data de presentación deste proxecto, dispónse do informe preliminar de resultados cuantitativos e atópase en fase de execución o traballo de análise cualitativa e discusión, para o que se realizaron grupos sectoriais de discusión coa comunidade educativa, persoal técnico de prevención, administración local e outras estruturas comunitarias.

### Aplicacións

As conclusións e recomendacións derivadas do estudo servirán para actualizar os contidos e actividades do proxecto de prevención de drogodependencias e condutas adictivas non eido local do Concello de Vigo 2019-2022 ás necesidades específicas detectadas na nosa comunidade. Este proceso de revisión e actualización desenvolverase durante o curso 2019-2020, con obxectivo de comezar a súa implementación para partir do curso 2020-2021. As principais modificacións de contidos e actividades centraranse en mellorar as intervencións sobre:

- 1) factores de risco e protección
- 2) tabaco, alcol e cannabis
- 3) novos hábitos de consumo
- 4) drogas facilitadoras de asalto sexual
- 5) novas adicións sen substancia, especialmente apostas, xogos de azar e problemas relacionados co uso da internet e as TIC.

## 2º. Financiamento detallado do proxecto:

A porcentaxe de participación do Concello de Vigo no cofinanciamento deste proxecto de prevención será do **36% do custo total**, segundo o orzamento seguinte:

**NON PASA NADA, ¿PASA ALGO?:** Difusión e promoción + 138 accións/ano nos centros educativos + soporte técnico continuado. 1º ESO: 21 accións/ano; 2º ESO: 39 accións/ano; 3º ESO: 48 accións/ano; 4º ESO: 30 accións/ano. Coste total estimado: 124.200 euros (41.400 euros/ano)

**MÁIS QUE UN TEITO:** Difusión e promoción + 27 accións/ano nos centros educativos, coas familias + soporte técnico continuado. Coste estimado: 10.125 euros (3.375 euros/ano)

**ENTRE TODOS:** Difusión e promoción + accións grupais con familias + intervencións individuais + soporte técnico continuado. Considérase prioritario o incremento de accións: 10 en 2019-2020, 20 en 2020-2021 y 30 en 2021-2022. Coste estimado: 0 euros (medios propios).

**EN FAMILIA TODOS CONTAN:** Difusión e promoción + 5 accións grupais con familias + Soporte técnico continuado polas técnicas da oficina do PLDA de Vigo. Considérase prioritario o incremento de accións: 5 en 2019-2020, 10 en 2020-2021 y 20 en 2021-2022. Coste estimado: 0 euros (medios propios).

**ACTIVA:** 3 accións grupais/ano coa poboación diana + soporte técnico continuado. Coste estimado: 8.100 euros (2.700 euros/ano)

**INFORMACIÓN/SENSIBILIZACIÓN:** Difusión e promoción + 61 accións/ano en centros escolares e outros ámbitos + campañas de sensibilización social + soporte técnico continuado. Coste estimado: 43.350 euros (14.450 euros/ano)

**FORMACIÓN MEDIADORES:** Difusión e promoción + 4 accións/ano en diversos colectivos + soporte técnico continuado. Coste estimado: 10.800 euros (3.600 euros/ano).

**ODISEA:** Difusión e promoción + 14 accións/ano + soporte técnico continuado. Coste estimado: 12.600 euros (4.200 euros/ano)

	<b>Programas/accións</b>	<b>Persoal</b>	<b>Total</b>
<b>Curso 2019-2020</b>	69.725,00	98.936,87	139.016,19
<b>Curso 2020-2021</b>	69.725,00	127.960,89	139.016,19
<b>Curso 2021-2022</b>	69.725,00	127.960,89	139.016,19
<b>TOTAL</b>	<b>209.175,00</b>	<b>354.858,64</b>	<b>564.033,64</b>
COFINANCIACIÓN CONCELLO DE VIGO: 36%			203.052,11
<b>COFINANCIACIÓN XUNTA DE GALICIA: 64% (CONTÍA SOLICITADA)</b>			<b>360.981,53</b>

A sustentabilidade do proxecto fundaméntase na continuidade do PLDA de Vigo e na súa correspondente dotación presupostaria.

**O incremento exposto en persoal considérase imprescindible para o desenvolvemento dos programas de prevención selectiva e indicada e o reforzo do resto de programas no ámbito educativo.**





**Concello de Vigo**

## DESCRIPCIÓN DE CADA PROGRAMA

### **1º. Nome do programa:**

**“NON PASA NADA, ¿PASA ALGO?”.** Prevención ámbito escolar, tipo selectiva

### **3º. Poboación obxectivo detallada:**

Alumnado dos catro cursos de educación secundaria obrigatoria (ESO), que estuda en centros onde se detectou algún problema relacionado co uso de drogas.

### **6º. Descrición detallada das actividades que se desenvolveran:**

A implementación e desenvolvemento do programa corre a cargo do persoal técnico de prevención, e require da participación do persoal orientador e titor dos centros educativos.

O programa ten como base as estratexias de influencia, destinadas a modificar o nivel de coñecemento e de desenvolvemento de competencias. Inclúe a realización de sesións conxuntas con profesores/as e pais e nais para a análise dos problemas existentes nos centros escolares relacionado co consumo de drogas. As sesións de análise complementáanse con catro sesións (talleres) de 40-50 minutos, dirixidas a adolescentes escolarizados/as nas aulas onde se detectaron problemas relacionados co consumo de drogas.

Os contidos das sesións informativas co alumnado varían en función do curso:

#### **1º ESO:**

- 1ª Sesión: Habilidades sociais
- 2ª sesión: Alcohol e cannabis
- 3ª Sesión: Redes sociais e privacidade. Videoxogos.
- 4ª Sesión: Toma de decisións
- 

#### **2º ESO:**

- 1ª Sesión: Habilidades sociais
- 2ª Sesión: Alcohol.
- 3ª Sesión: Cannabis.
- 4ª Sesión: TICs. Perigos de internet
- 

#### **3º ESO:**

- 1ª Sesión: Botellón.
- 2ª sesión: Cocaína.
- 3ª Sesión: Controllo e decido.
- 4ª Sesión: Uso dixital. Uso problemático e delitos.
- 

#### **4º ESO:**

- 1ª Sesión: Ti decides.
- 2ª Sesión: MDMA
- 3ª Sesión: Novas drogas
- 4ª Sesión: Apostas.

A necesidade de iniciar o programa pode vir determinada pola demanda concreta dos centros educativos, ou pola valoración da necesidade de intervir, realizada polo equipo local de prevención, en función de datos que indican a existencia de situacións de risco en relación coas drogas.

### **7º. Cronograma detallado das intervencións:**

*Para a aplicación do programa establecerase un cronograma funcional acorde coa programación dos centros educativos. Para iso é necesario establecer os contactos previos co persoal orientador ou titor/a para a presentación do material e fixar conxuntamente o calendario de intervención, tendo en conta as necesidades de tempo que establece a programación de titoría o programa pódese aplicar ao longo de todo o curso (dada a cantidade de propostas de actividades) ou ben por trimestres; todo isto quedará á decisión do propio titor/a ou do mestre/a. Dada a flexibilidade do programa, non é posible establecer un cronograma pechado para a súa implementación. Desenvolverase ao longo de todo o curso escolar*

### **8º. Equipo que desenvolverá a intervención:**

*Persoal técnico da Unidade de Prevención do Plan Local de Drogodependencias e outras Adicións (PLDA) do Concello de Vigo, según se describe no documento de “descrición xeral do proxecto”.*

*Persoal técnico especializado, contratado especificamente para este fin.*

### **9º. Materiais que se utilizarán:**

*Materiais divulgativos:*

*Non pasa nada. Pasa algo? - 1º ESO (ver anexo técnico 01)*

*Non pasa nada. Pasa algo? - 2º ESO (ver anexo técnico 02)*

*Non pasa nada. Pasa algo? - 3º ESO (ver anexo técnico 03)*

*Non pasa nada. Pasa algo? - 4º ESO (ver anexo técnico 04)*

*Materiais de traballo có alumnado:*

*Non pasa nada. Pasa algo? - 1º ESO (ver anexo técnico 05)*

*Non pasa nada. Pasa algo? - 2º ESO (ver anexo técnico 06)*

*Non pasa nada. Pasa algo? - 3º ESO (ver anexo técnico 07)*

*Non pasa nada. Pasa algo? - 4º ESO (ver anexo técnico 08)*

*Materiais de traballo para o persoal técnico de prevención:*

*Non pasa nada. Pasa algo? - 1º ESO (ver anexo técnico 09)*

*Non pasa nada. Pasa algo? - 2º ESO (ver anexo técnico 10)*

*Non pasa nada. Pasa algo? - 3º ESO (ver anexo técnico 11)*

*Non pasa nada. Pasa algo? - 4º ESO (ver anexo técnico 12)*

### **10º. Monitorización e avaliación:**

*Para a avaliación do programa seguirase a sistemática e metodoloxía recollida na publicación INSTRUMENTOS PARA A AVALIACIÓN DOS PROGRAMAS INCLUÍDOS NA CARTEIRA DE SERVIZOS EN MATERIA DE PREVENCIÓN DAS DROGODEPENDENCIAS da Consellería de Sanidade, Dirección Xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública, Subdirección Xeral de Programas de Fomento de Estilos de Vida Saudables, Servizo de Drogodependencias e Trastornos Adictivos (Xunta de Galicia 2011; páxinas 25 a 30).*



## Concello de Vigo

### **1º. Nome do programa:**

**“MÁIS QUE UN TEITO”**. Prevención de ámbito familiar, tipo universal

### **3º. Poboación obxectivo:**

Pais/nais ou titores/as con fillos ou fillas en idade escolar, é dicir, con idades comprendidas entre os 5 e os 18 anos.

### **6º. Descrición detallada das actividades que se desenvolveran:**

O programa comeza coa convocatoria dun “Encontro de pais-nais/profesorado/alumnado” a través do alumnado, para tratar a relevancia que teñen os consumos de drogas e as posibilidades dos pais/nais para actuar como axentes preventivos, e para presentar os obxectivos e contidos do programa. Finalizado este encontro, ofértaselles aos pais e nais a posibilidade de desenvolver o programa. Programa presencial: Os e as participantes nos grupos de “pais/nais” deben asignarse segundo o criterio de idade dos/as fillos/as. Se teñen fillos/as de varias idades deben inscribirse no grupo de idade daquel que máis lles preocupa. Programa non presencial: distribución, a través dos alumnos, de materiais escritos e vídeos informativos expresamente realizados para traballar a prevención familiar, en función do curso en que están escolarizados os seus fillos e fillas. Os materiais escritos e a cinta de vídeo van acompañados de trípticos explicativos do programa e dun cuestionario ou folia de rexistro que deben devolver cuberta todos os pais e nais. Desta maneira contrólase as familias ás que chega o programa, cantas delas viron o vídeo e leron os folletos, así como a valoración que realizan deles. Déixase pasar unha fin de semana, como mínimo, para dar tempo suficiente para visualizar o vídeo e cubrir os rexistros de avaliación.

O programa desenvolverase nos centros escolares, en formato charla. É aconsellable que as charlas teñan unha duración mínima de unha hora e media. No obstante, o programa pódese adaptar ao interese e demanda do centro escolar.

Contidos:

- A familia como factor protector fronte as drogas.
- Normas e límites.
- Resolución de conflitos.
- Comunicación.
- Autoestima.
- Qué deben saber os pais/nais sobre as drogas?
- Adolescentes tecnolóxicamente sáns

### **7º. Cronograma da intervención:**

O programa está deseñado inicialmente para a súa implementación ao longo do curso escolar. Non obstante, e tendo en consideración a importante variabilidade no número de sesións propostas en función da idade dos/as fillos/as, a duración pode oscilar entre un e cinco meses, a razón dunha sesión semanal, en función das necesidades, interese e posibilidades de asistencia de pais/nais. Pola súa parte, a participación no programa a través da modalidade non presencial, permite un axuste “case personalizado” da duración do programa ás expectativas e necesidades de cada familia. Como termo medio as sesións teñen unha duración de entre 90 e 120 minutos

### **8º. Equipo que desenvolverá a intervención:**

*Persoal técnico da Unidade de Prevención do Plan Local de Drogodependencias e outras Adicións (PLDA) do Concello de Vigo, según se describe no documento de “descrición xeral do proxecto”.*

*Persoal técnico especializado, contratado especificamente para este fin.*

### **9º. Materiais que se utilizarán:**

*Para o desenvolvemento do programa na modalidade presencial necesítanse espazos físicos ben delimitados, situados nun lugar céntrico e accesible, cadeiras, mesas, televisor, vídeo, encerrado, rotuladores, bolígrafos, papel en branco, retroproector, transparencias, material impreso para distribuír entre os pais sobre o tema que se desexe traballar, folleto explicativo cos obxectivos e contidos do programa, guías informativas para pais/nais (“os pais/nais fronte ao consumo abusivo de alcohol dos fillos”, “os pais/nais e o cannabis”, “os pais/nais fronte á cocaína” e “os pais/nais e as drogas de síntese”), vídeos de prevención e consumo de drogas no ámbito familiar elaborados por distintas institucións. Recoméndase ofrecer un refrixerio as persoas participantes, facilitar un servizo de transporte, entregas de materiais promocionais. Convén que os grupos sexan fixos para permitir a existencia dun clima de confianza. O programa é implementado por persoal técnico de prevención. Ademais, é necesaria a participación doutras persoas, como responsables dos nenos e nenas da gardaría que deberá funcionar mentres os grupos de pais/nais realizan a actividade.*

*Material divulgativo:*

*Máis que un teito (ver anexo técnico 13)*

*Materiais de traballo para o persoal técnico de prevención:*

*Máis que un teito – Guía técnica (ver anexo técnico 14)*

### **10º. Monitorización e avaliación:**

*Para a avaliación do programa seguirase a sistemática recollida na publicación INSTRUMENTOS PARA A AVALIACIÓN DOS PROGRAMAS INCLUÍDOS NA CARTEIRA DE SERVIZOS EN MATERIA DE PREVENCIÓN DAS DROGODEPENDENCIAS da CONSELLERÍA DE SANIDADE, da Dirección Xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública, Subdirección Xeral de Programas de Fomento de Estilos de Vida Saudables, Servizo de Drogodependencias e Trastornos Adictivos (Xunta de Galicia 2011; páxinas 35 a 39).*

### **1º. Nome do programa:**

**“ENTRE TODOS”.** Prevención ámbito familiar, tipo indicada

### **3º. Poboación obxectivo:**

*Familias con fillos ou fillas adolescentes que manteñen consumos de distintas drogas.*

### **6º. Descrición detallada das actividades que se desenvolveran:**

*As actividades inclúen exercicios de modelado, ensaio de condutas, práctica de habilidades, intervencións no domicilio familiar en situacións de crise, e intervencións educativas de apoio no domicilio familiar. Os contidos inclúen traballo educativo cos adolescentes/as, coa familia e conxunto con ambos, e adestramento en habilidades de xestión familiar. O persoal responsable do programa debe dispoñer de formación en terapia sistémica. A captación dos beneficiarios do programa realízase a través de unidades de condutas adictivas, orientadores escolares, profesionais da rede de servizos sociais, atención primaria de saúde e unidades de saúde mental in-*



## Concello de Vigo

fanto-xuvenil. As sesións terapéuticas realízanse cada 15 días, ou semanalmente se a situación é moi crítica, e a medida que se avanza na intervención poden ir espazándose a unha frecuencia mensual ou bimensual. Habitualmente, cunha duración de 5 ou 6 sesións, de 90 minutos cada unha, nas cales se realiza: a) Traballo cos/as adolescentes, analizando a súa situación, as súas inquietudes e centrándose nos seus comportamentos e as consecuencias que estes teñen no presente. Ademais das entrevistas, os adolescentes responden a cuestionarios que permiten facer unha avaliación de diferentes aspectos relacionados con eles e coa súa familia. b) Traballo coas familias, fomentando o apoio aos fillos e modificando aquelas estruturas e prácticas da convivencia que dificultan o achegamento a solucións satisfactorias. c) Traballo conxunto con adolescentes e pais/nais.

### **7º. Cronograma detallado das intervencións:**

Trátase dunha actividade continuada de carácter aberto, a que se poden incorporar en calquera momento as familias derivadas desde os servizos sociais, os departamentos de orientación escolar, os servizos de saúde mental infanto xuvenil etc.

### **8º. Equipo que desenvolverá a intervención:**

Persoal técnico da Unidade de Prevención do PLDA do Concello de Vigo, según se describe no documento de "descrición xeral do proxecto".

### **9º. Materiais que se utilizarán:**

Para o desenvolvemento do programa utilízase un folleto explicativo cos obxectivos e contidos do programa, vídeos, e outros materiais xerais destinados a pais/nais (guías informativas).

Material divulgativo:

Entre todos (ver anexo técnico 15)

### **10º. Monitorización e avaliación:**

Para a avaliación do programa seguirase a sistemática e metodoloxía recollida na publicación INSTRUMENTOS PARA A AVALIACIÓN DOS PROGRAMAS INCLUÍDOS NA CARTEIRA DE SERVIZOS EN MATERIA DE PREVENCIÓN DAS DROGODEPENDENCIAS da Consellería de Sanidade, Dirección Xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública, Subdirección Xeral de Programas de Fomento de Estilos de Vida Saudables, Servizo de Drogodependencias e Trastornos Adictivos (Xunta de Galicia 2011; páxinas 45 a 48).

### **1º. Nome do programa:**

**"EN FAMILIA TODOS CONTAN"**. Prevención de ámbito familiar, tipo selectiva

### **3º. Poboación obxectivo:**

Pais e as nais ou persoas titoras de familias que se encontran ante situación de risco en relación coas drogas, pola existencia de comportamentos potencialmente asociados ao desenvolvemento de problemas coas drogas nos fillos ou fillas destas familia, que dificultan a maduración e a incorporación social, tales como fracaso escolar, absentismo escolar, ausencias do domicilio, existencia de relacións familiares conflitivas, pequenos roubos ou outros indicios de conduta antisocial por parte dos ou das adolescentes, inicio ao consumo de drogas ou abuso do alcohol. Estas familias que afrontan dificultades importantes en educar os seus fillos e fillas, normalmente son detectadas polos equipos de orientación do centro educativo ou ben polo persoal profesional dos

servizos sociais comunitarios onde acoden a pedir axuda. Poden ser familias usuarias dos servizos sociais, que presentan dificultades de inserción laboral, beneficiarias do RISGA, familias monoparentais, con problema de adicción nun ou nos dous membros da parella, problemas de desestruturación, ou que sofren outros desaxustes.

#### **6º. Actividades e metodoloxía:**

O programa lévase a cabo en forma de taller, a través de sesións grupais cos pais/nais, con dinámicas para fomentar a participación da parella. Realízanse cinco sesións, de hora e media de duración, con cada grupo de pais/nais participantes. Os grupos non deben superar os 15 participantes. O criterio para a agrupación das familias é a idade dos fillos ou fillas ou a similitude das situacións conflitivas polas que foron seleccionadas. Se traballa avaliación do sistema familiar (condutas-problema, interaccións e procesos de comunicación pais/nais-fillos/fillas), motivación para o cambio, estilo de supervisión, o noso fillo/a aprende a comportarse, como actuamos os pais/nais, o noso proxecto educativo. Pódese adaptar as sesións ás características dos pais/nais e ás demandas formuladas por parte dos e das profesionais que interveñen con estas familias ou cos seus fillos/as. Para incrementar a probabilidade de participación destas familias no programa, e necesario desenvolver estratexias de aproximación activa e motivadora para perfís de familias que non responden ás convocatorias xerais de programas de prevención universal, como promoción intensiva do programa, facilitación dos aspectos lóxicos e horarios, uso de incentivos económicos, formatos atractivos, métodos audiovisuais, técnicas como "Sixty-sixty", exposicións breves de contidos de aprendizaxe, tarefas para a casa, estudos de casos, modelados, clarificación de valores etc.

#### **7º. Cronograma da intervención:**

A duración inicial do programa oscila entre dous e tres meses. Non obstante, esta adáptase ás necesidades e dispoñibilidade das persoas e das familias que participan nel. É preciso ter en conta o calendario escolar, debendo realizarse os talleres en horarios convidados coas familias. O segundo trimestre escolar pode ser un bo momento para a realización dos talleres, pois xa se terán podido detectar estas familias en situación de risco, ben por parte dos axentes educativos ou polo persoal traballador social dos servizos sociais básicos, que son os dous colectivos profesionais mellor situados para motivalos e convidalos a participar no programa.

#### **8º. Equipo que desenvolverá a intervención:**

Persoal técnico da Unidade de Prevención do PLDA do Concello de Vigo, según se describe no documento de "descrición xeral do proxecto".

#### **9º. Materiais que se utilizarán:**

Materiais: Folleto explicativo cos obxectivos e contidos do programa, Guías informativas para pais/nais ("os pais/nais fronte ao consumo abusivo de alcohol dos fillos", "os pais/nais e o cannabis", "os pais/nais fronte á cocaína", e "os pais/nais e as drogas de síntese"). Outros materiais xerais destinados a pais e nais. Ademáis do persoal que imparte os talleres, pode ser necesario dispoñer de axentes auxiliares para coidar os nenos das familias que están formándose. Precísase un mínimo de dúas aulas equipadas de cadeiras e mesas suficientes, situadas en lugares con bo acceso e céntricas. Pódense utilizar centros sociais, colexios, salas de asociacións etc. Nunha das aulas impártese o taller e debe dispoñer de suficiente espazo para permitir traballar en pequenos grupos, mentres que na outra se realizan as actividades lúdicas cos nenos e nenas



## Concello de Vigo

pequenas dos pais/nais asistentes ao taller. Outros materiais que deben estar dispoñibles son: encerado, xices, rotuladores, folios, bolígrafos, retroproxeutor ou canón de luz e ordenador, transparencias ou presentación en Power Point, material fotocopiado para entregarlles aos pais/nais e follas de tarefas da casa.

Material divulgativo:

En familia todos contan (Ver anexo técnico 16)

### **10º. Monitorización e avaliación:**

Para a avaliación do programa seguirase a sistemática e metodoloxía recollida na publicación INSTRUMENTOS PARA A AVALIACIÓN DOS PROGRAMAS INCLUIDOS NA CARTEIRA DE SERVICIOS EN MATERIA DE PREVENCIÓN DAS DROGODEPENDENCIAS da Consellería de Sanidade, Dirección Xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública, Subdirección Xeral de Programas de Fomento de Estilos de Vida Saudables, Servizo de Drogodependencias e Trastornos Adictivos (Xunta de Galicia 2011; páxinas 40 a 44).

### **1º. Nome do programa:**

“ACTIVA”. Prevención ámbito xuvenil, tipo universal

### **3º. Poboación obxectivo:**

Poboación final: mozos e mozas de idades comprendidas entre os 12 e os 29 anos.

Poboación mediadora: para chegar á poboación final, o programa “Activa” desenvólvese a través da participación indispensable de axentes mediadores. Estes mediadores xuvenís serán mozos/as maiores de idade que deberán asumir o liderado da maior parte das actividades, especialmente daquelas que requiran un alto grao de compromiso e responsabilidade. Os/as mediadores/as poden ser os membros dunha asociación xuvenil xa existente ou mozos/as captados a través das oficinas municipais de información xuvenil, de institutos ou centros de ensino ou mozos que respondan a unha convocatoria aberta de colaboración como voluntarios/as, existindo como único requisito que sexan maiores de idade (18 a 29 anos).

### **6º. Descrición detallada das actividades que se desenvolveran:**

O contexto de aplicación é asociacións xuvenís, clubs deportivos e espazos de ocio xuvenil. A decisión última das actuacións será dos/as mediadores/as do programa. Actividades: captación de mediadores/as xuvenís, formación en prevención, creación do grupo de coordinación do programa no municipio, deseño de actividades que a desenvolver con adolescentes e mozos/as, difusión das actividades informativas, de sensibilización e de ocio programadas. Os temas da formación serán: conceptos básicos en prevención de drogodependencias e bases da prevención dirixida á mocidade, análise dos factores de risco e protección asociados ao consumo de drogas entre os novos/as, definición do rol de mediador/a xuvenil, funcións xerais, habilidades e exixencias, clarificación dos obxectivos do programa e do papel dos/as mediadores/as, alcohol: patróns de consumo, efectos no organismo e impacto na saúde e o benestar, efectos do alcohol na condución, publicidade do alcohol, lexislación, mitos e crenzas, tabaco: impacto inmediato, a medio e longo prazo, factores que condicionan o seu consumo, cannabis, mitos e realidades, psicoestimulantes: patróns de consumo, efectos asociados, condutas de risco, patróns de ocupación do tempo libre entre os novos/as e alternativas de ocio, técnicas de dinamización e traballo grupal.

Os módulos poden ampliarse ou modificarse atendendo ás características dos/as mediadores/as ou do medio social no cal está previsto que actúen.

Contidos:

1ª Sesión:

- *Drogas e drogodependencias. Conceptos básicos en prevención de drogodependencias. Educación para a saúde.*
- *Os factores de risco e protección asociados ao consumo de drogas.*
- *Definición do rol de mediador/a xuvenil en drogodependencias. Funcións, habilidades e esixencias.*

2ª sesión:

- *O alcohol: patróns de consumo, efectos no organismo e impacto na saúde e benestar, efectos do alcohol na conducción, publicidade do alcohol, lexislación, mitos e crenzas.*
- *O tabaco: impacto inmediato, a medio e longo prazo, factores que condicionan o seu consumo.*
- *O cannabis: mitos e realidades.*
- *Os psicoestimulantes (cocaína e drogas de síntese): patróns de consumo, efectos asociados, condutas de risco...*
- *Percepción social do fenómeno das drogodependencias.*

3ª Sesión:

- *Técnicas e ferramentas básicas en prevención: comunicación, motivación, traballo en grupo e dinamización social.*
- *A resolución de conflitos.*
- *Patróns dominantes de ocupación do tempo libre entre os novos/as e alternativas de ocio.*
- *Recursos existentes en drogodependencias, xuventude, tempo libre...*

4ª Sesión:

- *Método para a aplicación da acción preventiva: valoración de necesidades, deseño e avaliación de programas de prevención.*
- *A elaboración dun programa de ocio alternativo como ferramenta para prevención de consumo de drogas.*

**7º. Cronograma detallado das intervencións:**

As actividades desenvolveranse durante un ano natural ou durante un curso académico, segundo se considere máis apropiado.

**8º. Equipo que desenvolverá a intervención:**

Persoal técnico da Unidade de Prevención do Plan Local de Drogodependencias e outras Adicións (PLDA) do Concello de Vigo, según se describe no documento de "descricao xeral do proxecto".

Persoal técnico especializado, contratado especificamente para este fin.

**9º. Materiais que se utilizarán:**

Ademais de persoal técnico de prevención e mediadores/as xuvenís, é necesario contar con recursos materiais como aula con material para realizar a formación de mediadores, materiais para a difusión do programa (dípticos, carteis, cartas, adhesivos, marcalibros etc), material informático, revista de publicación fixa, material funxible, material deportivo. A implementación do programa estará condicionada polos recursos existentes na comunidade, o que pode obrigar a axustar algúns dos seus obxectivos e actividades. É imprescindible explorar a posibilidade de poder utilizar as seguintes infraestructuras: instalacións deportivas, emisoras de radio e/ou televisións lo-





## Concello de Vigo

cais, oficina municipal de información xuvenil, biblioteca municipal, cine ou auditorio municipal, páxina web do concello etc. Os materiais específicos para o programa serán deseñadas, en cada caso, polos/as propios/as mediadores/as xuvenís. Estes soportes poderán ser desde boletíns ou revistas en soporte escrito a programas en radios e televisións locais. De forma complementaria, poderán utilizarse diversos materiais e guías informativas para mozos/as editados pola Consellería de Sanidade-Servizo Galego de Saúde (“Mocidade e alcohol: unha mala compañía”, “Mocidade e cannabis: ¿Sábelo todo?”, “Mocidade e drogas de síntese”, “Mocidade e cocaína: guía para non terminar raiados”, etc.).

Material divulgativo:

Activa (ver anexo técnico 17)

### **10º. Monitorización e avaliación:**

Para a avaliación do programa seguirase a sistemática e metodoloxía recollida na publicación INSTRUMENTOS PARA A AVALIACIÓN DOS PROGRAMAS INCLUÍDOS NA CARTEIRA DE SERVIZOS EN MATERIA DE PREVENCIÓN DAS DROGODEPENDENCIAS da Consellería de Sanidade, Dirección Xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública, Subdirección Xeral de Programas de Fomento de Estilos de Vida Saudables, Servizo de Drogodependencias e Trastornos Adictivos (Xunta de Galicia 2011; páxinas 49 a 53).

### **1º. Nome do programa:**

#### **INFORMACIÓN / SENSIBILIZACIÓN SOBRE DROGAS**

Prevenção ámbito de actividades transversais, tipo universal

### **3º. Poboación obxectivo:**

A poboación destinataria das intervencións de información/sensibilización é inicialmente o conxunto dos residentes na comunidade galega, aínda que existen destinatarios “singulares” sobre os que se concentran ou desenvolven accións informativas. Destinatarios finais: alumnado de primaria, alumnado de secundaria, pais e nais con fillos ou fillas menores de idade, mocidade, taballadores/as, consumidores/as problemáticos de drogas, e drogodependentes en situación de exclusión social etc. Poboación mediadora: profesorado, líderes comunitarios, mediadores/as xuvenís, mediadores/as laborais, voluntarios/as, propietarios/as e profesionais do sector da hostalería etc.

O programa de información/sensibilización dirixido ao alumnado de 6º Educación Primaria, que vimos desenvolvendo desde fai anos, goza dunha grande aceptación nos centros de ensino, tanto públicos como concertados, do ámbito rural e urbán. Sinalar que este programa estase a implementar cada ano no 85% dos centros da cidade.

### **6º. Descrición detallada das actividades que se desenvolveran:**

A información/sensibilización aplícase en todos os ámbitos da prevención: escola, familia, espazos de ocio, empresas, etc. A nivel comunitario, estas intervencións son claves para conseguir mobilización social e implicación na busca de solucións. Son compatibles con programas preventivos universais, selectivos, indicados ou de redución de danos. Existen múltiples formatos e canles para implementar estratexias de información/sensibilización, entre os que están as campañas de sensibilización social, difusión dos recursos preventivos existentes, e difusión da lexislación vixente, folletos e carteis, intervencións en prensa, radio e televisión, guías de información, concursos e exposicións de carteis etc. Os contidos inclúen efectos do consumo de drogas legais e ilegais e as súas consecuencias sobre a saúde e o benestar, identificación de factores que aumentan a probabilidade de consumir drogas, estratexias para se manter á marxe das dro-

gas, e recursos para prevención e asistencia ás drogodependencias. A metodoloxía debe contemplar información veraz, de calidad e ben presentada, adaptada aos receptores, canles de difusión cribles para os/as destinatarios/as, elección dun emisor adecuado, manexo adecuado da magnitude dos perigos e as ameazas presentadas, ofrecer alternativas, centrarse máis nos efectos a curto prazo, corrixir percepcións erróneas ou mitos respecto ás drogas, e utilizar un proceso participativo de transmisión da información.

#### **7º. Cronograma detallado das intervencións:**

O programa lévase a cabo ao longo de 4 sesións de unha hora escolar impartidas, preferentemente, en 4 semanas consecutivas.

#### **8º. Equipo que desenvolverá a intervención:**

Persoal técnico da Unidade de Prevención do Plan Local de Drogodependencias e outras Adicións (PLDA) do Concello de Vigo, según se describe no documento de “descrición xeral do proxecto”.

Persoal técnico especializado, contratado especificamente para este fin.

#### **9º. Materiais que se utilizarán:**

Os recursos económicos e materiais son variados, en función dos contextos e canles utilizadas, como campañas de sensibilización social, campañas de difusión dos recursos preventivos existentes, campañas de difusión da lexislación vixente, folletos e carteis, intervencións en prensa, radio e televisión, guías de información, concursos e exposicións de carteis, etc. No noso medio, historicamente temos unha gran demanda de accións de información e sensibilización dirixidas ao alumnado de 6º de primaria e as súas familias, en formato de obradoiro, con apoio audiovisual e diversos materiais informativos.

Materiais divulgativos:

Información – sensibilización 6º EP (ver anexo técnico 18)

Información – sensibilización Universal (ver anexo técnico 19)

Materiais para o alumnado:

Información-sensibilización – 6º EP (ver anexo técnico 20)

Materiais de traballo para o persoal técnico de prevención:

Información-sensibilización – 6º EP (ver anexo técnico 21)

#### **10º. Monitorización e avaliación:**

Para a avaliación do programa seguirase a sistemática e metodoloxía recollida na publicación INSTRUMENTOS PARA A AVALIACIÓN DOS PROGRAMAS INCLUÍDOS NA CARTEIRA DE SERVIZOS EN MATERIA DE PREVENCIÓN DAS DROGODEPENDENCIAS da Consellería de Sanidade, Dirección Xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública, Subdirección Xeral de Programas de Fomento de Estilos de Vida Saudables, Servizo de Drogodependencias e Trastornos Adictivos (Xunta de Galicia 2011)

#### **1º. Nome do programa:**

**FORMACIÓN DE MEDIADORES/AS**

Prevención en ámbito de actividades transversais, tipo universal



## Concello de Vigo

### **3º. Poboación obxectivo:**

Conxunto amplo e diverso de persoas que poden exercer unha función mediadora na prevención de drogodependencias. Cidadáns que, polo seu prestixio persoal ou polo seu rol profesional (profesionais da educación, do traballo social, da saúde etc.) ou social (voluntarios/as, membros de asociacións e ONG etc.), ocupan unha posición relevante nun determinado colectivo ou comunidade, e cumpren unha serie de funcións xerais como creadores de opinión, modelos de actitudes e comportamentos, dinamizadores da comunidade e elementos de conexión entre as distintas institucións: persoal sanitario, profesionais do sistema de servizos sociais, profesionais da educación (mestres/as de educación infantil e primaria e profesores/as de educación secundaria e bacharelato), membros das asociacións de pais/nais de alumnos e pais/nais interesados na prevención, profesionais das redes de protección e reforma de menores, membros de entidades e asociacións que traballan con menores, persoal da Administración de xustiza (xuíces, fiscais, avogados), persoal da Administración penitenciaria, membros das policía locais, mediadores/as xuvenís e culturais, monitores/as de tempo libre, delegados/as sindicais e membros dos servizos de prevención laboral, profesionais dos medios de comunicación, profesionais das oficinas de farmacia, integrantes de asociacións de axuda e autoaxuda e voluntariado social.

Nos últimos anos vense impartindo este programa ao alumnado da Escola de Maxisterio San Pablo CEU de Vigo, tanto na especialidade de Educación Infantil coma de Educación Primaria. Esta formación ten moi boa acollida na escola desde onde cursan a demanda.

No derradiro curso escolar implementouse tamén no colexio San José de la Guía co alumnado do Ciclo Superior de Integración Social, complementando a formación académica a este futuros profesionais do ámbito social.

O programa vén sendo demandado cada vez por máis colectivos de medidores sociais: cuidadores de barrio, escolas de ciclos superiores, escolas de grados, profesionais de servizos sociais, monitores deportivos, etc.

### **6º. Descrición detallada das actividades que se desenvolverán:**

As actividades sustentáanse en estratexias de influencia. Os contidos da formación de mediadores/as sociais están ligados ás funcións que se lles asignan na prevención, relacionadas coa súa capacidade para analizar e avaliar necesidades da comunidade e colectivos sociais cos que traballan, manexar eficazmente conceptos básicos relacionados coa prevención, deseñar respostas organizadas aos problemas existentes, conectar a realidade do medio en que traballa coa oferta institucional, contar cun coñecemento obxectivo e actualizado do fenómeno das drogas e drogodependencias que reforce o seu rol como referente social, sensibilizar, motivar e dinamizar a poboación coa que traballa, crear correntes de opinión favorables á saúde e alternativas á cultura do consumo de drogas. Dada a diversidade de perfís de mediación social, existen múltiples contidos para os programas de formación, que poden estruturarse en módulos básicos, para formación de calquera mediador/a social, e módulos específicos, según á diferente tipoloxía dos e das mediadoras. Os módulos organízanse en sesións, de número e duración axustada ás necesidades dos participantes. As intervencións son flexibles, graduais, dinámicas, e teórico-prácticas. A metodoloxía parte dos coñecementos previos dos e das mediadoras, aproveita as súas motivacións, intereses e necesidades, prioriza a produción de coñecementos, e utiliza a interacción como estratexia de aprendizaxe.

### **7º. Cronograma detallado das intervencións:**

Depende do colectivo de mediadores/as a formar. A implementación do programa inclúe exposición dos obxectivos, método e contidos, execución da acción formativa, análise dos resultados, e avaliación da actividade.

## **8º. Equipo que desenvolverá a intervención:**

*Persoal técnico da Unidade de Prevención do Plan Local de Drogodependencias e outras Adicións (PLDA) do Concello de Vigo, según se describe no documento de “descrición xeral do proxecto”.*

*Persoal técnico especializado, contratado especificamente para este fin.*

## **9º. Materiais que se utilizarán:**

*Boa parte das accións formativas dos e das mediadoras sociais no campo da prevención están previstas nos distintos programas que se inclúen nesta carteira de servizos. Non obstante, existe material específico utilizable en calquera dos programas denominado “Guía para a formación de mediadores sociais en prevención das drogodependencias”. Así mesmo, dispónse de materiais específicos para a formación de determinados colectivos, como no caso dos profesionais de atención primaria da saúde: Screening e intervención breve para los problemas relacionados con el consumo de alcohol en atención primaria (WHO, 2001). Identificación de los trastornos debidos al consumo de alcohol. Una adaptación del AUDIT a la población gallega (VARELA, J. et al., 2006). DAP: programa de formación y consulta drogas y atención primaria. (MEGÍAS, E. e JÚDEZ, J. 2003). Actuar es posible. El papel de la atención primaria ante los problemas de salud relacionados con el consumo de drogas (ZACO, J, et al., 2007). Outros materiais que poden ser utilizados na formación doutros mediadores: Actuar es posible. La prevención de las drogodependencias en la familia (RIOS, JA. 1997). Actuar es posible. Servicios sociales y drogodependencias (SÁNCHEZ, C. et al. 1998). Actuar es posible. Medios de comunicación y drogodependencias (MARTÍNEZ, I, et al, 2000).*

*Material divulgativo:*

*Formación de mediadores (ver anexo técnico 22)*

## **10º. Monitorización e avaliación:**

*Dada a amplitude dos aspectos a avaliar, súxírese centrarse en contidos (utilidade, aplicación á realidade, adecuación aos intereses dos e das participantes, adecuación ao seu nivel de experiencia etc.), método (adecuación contidos, participación, ritmo de traballo, proximidade á realidade, adecuación para traballar as habilidades dos e das participantes), actitudes, habilidades ou recursos desenvolvidos para o traballo preventivo (empatía, escoita activa, improvisación, espontaneidade, creatividade, asertividade, resolución de conflitos, reflexión, crítica, reforzo, animar, organizar, programar actividades). Na fase de planificación, antes de iniciar o programa de formación, detallaranse qué situación ou problema se espera abordar coa realización do curso, cómo se describe a situación ou problema, indicadores que se pretenden modificar, cuestionario que permita medir a situación inicial de cada indicador seleccionado, qué persoas van participar, con que recursos se conta para a realización do curso (orçamento). Na fase de avaliación do proceso, como mínimo, recollerase información de participantes na actividade, a súa cobertura e satisfacción coa actividade. Para avaliación de resultados, aplicación dun breve cuestionario adaptado aos contidos do curso, na primeira e na última sesión, para saber se se produciron modificacións dos indicadores previstos inicialmente, tamén poderá incluír comprobacións posteriores á conclusión da formación, sobre a posta en marcha das pautas ou dos proxectos previstos no curso.*



## Concello de Vigo

### **1º. Nome do programa:**

**“ODISEA”**

Prevención ámbito escolar, tipo selectiva

### **3º. Poboación obxectivo:**

**CONTEXTO DE APLICACIÓN:** Escolar. Polo seu deseño e contidos, Odisea pode tamén ser aplicado noutros contextos como as escolas obradoiro ou os centros de menores.

**GRUPO DESTINATARIO INTERMEDIO:** equipos de profesionais que traballan con mozos en programas de garantía social.

**GRUPO DESTINATARIO FINAL:** mocidade entre 16 e 18 anos en situación de risco que estudan en centros de garantía social.

### **6º. Descrición detallada das actividades que se desenvolverán:**

A implementación do programa axústase ás seguintes fases: **FASE 1:** selección dos centros participantes. **FASE 2:** formación dos equipos educativos dos centros a partir dos contidos da “Guía fácil de prevención selectiva en recursos educativos e formativos”. **FASE 3:** deseño dun programa de prevención en cada un dos centros e desenvolvemento supervisado, **FASE 4:** avaliación dos resultados. Os profesionais participantes terán que asistir ao curso de formación, elaborar un programa de prevención para o seu centro, aplicar o programa deseñado, e apoiar a avaliación do proxecto. O labor dos profesionais que participen nel será acreditada con horas de formación.

En canto as actividades que se desenvolven no contexto do programa, o proxecto consta de catro fases: **A) Fase de formación:** consistente nunha semana de formación dirixida a todo o equipo do centro (20 horas), ten por obxectivo capacitalos para deseñar un programa de prevención axustado á realidade do seu centro educativo (1º sesión: presentación da prevención no proxecto educativo de centro, 2º sesión: a intervención sobre o contexto, manexo de normas, 3º sesión: organizar actividades de prevención en grupo, 4º sesión: a intervención individual o titoría, 5º sesión: a intervención coas familias, os recursos comunitarios, e recursos de apoio á prevención). **B) Fase de apoio:** é a fase de deseño do programa (un mes a partir da formación). Para esta tarefa o equipo do centro contará coa axuda e asesoramento do grupo de expertos no proxecto. **C) Fase de seguimento:** nesta fase aplícase o programa deseñado (tres meses a partir da elaboración do programa). O equipo de expertos estará dispoñible para resolver cantas dúbidas e dificultades poidan ir xurdindo ao poñer en práctica o programa deseñado. **D) Fase de avaliación:** ao ser un proxecto piloto, faise especial énfase na avaliación dos seus resultados. Esta avaliación permitirá coñecer o grao de efectividade do proxecto e introducir as melloras detectadas durante o proceso de aplicación.

### **7º. Cronograma detallado das intervencións:**

Seis meses

Formación (1 mes), deseño do programa (1 mes), seguimento (3 meses), avaliación (1 mes)

### **8º. Equipo que desenvolverá a intervención:**

Persoal técnico da Unidade de Prevención do Plan Local de Drogodependencias e outras Adicións (PLDA) do Concello de Vigo, según se describe no documento de “descrición xeral do proxecto”.

Persoal técnico especializado, contratado especificamente para este fin.

### **9º. Materiais que se utilizarán:**

Guía fácil de prevención selectiva en recursos educativos e formativos.

O proxecto baséase nun manual especificamente deseñado para desenvolver nestes centros un plan de prevención de drogas adaptado á súa realidade concreta. Este material é a base da formación que reciben os profesionais participantes. Consta de sete cadernos e un CD-ROM, en que se tratan os seguintes temas: introdución ao proxecto, contidos e método; o programa do centro e a prevención das drogodependencias; manexo de normas e prevención; organización de actividades de prevención en grupos; a intervención coas familias e os recursos comunitarios; previr nas distancias curtas: a titoría; recursos de apoio á prevención.

Material divulgativo:

Odisea (ver anexo técnico 23)

#### **10º. Monitorización e avaliación:**

Para a avaliación do programa seguirase a sistemática e metodoloxía recollida na publicación INSTRUMENTOS PARA A AVALIACIÓN DOS PROGRAMAS INCLUÍDOS NA CARTEIRA DE SERVICIOS EN MATERIA DE PREVENCIÓN DAS DROGODEPENDENCIAS da Consellería de Sanidade, Dirección Xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública, Subdirección Xeral de Programas de Fomento de Estilos de Vida Saudables, Servizo de Drogodependencias e Trastornos Adictivos (Xunta de Galicia 2011; páxinas 117 a 125). Aplicación de cuestionarios pre e post intervención, co fin de valorar o grao de modificación das variables que supostamente modifícanse coa implementación do programa. Grupos de discusión e entrevistas en profundidade con algúns dos participantes no programa.

### **3(937).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO SANITARIO ASISTENCIAL DE CEDRO. EXPTE. 2740/315.**

Visto o informe de fiscalización do 24/10/19, dáse conta do informe-proposta da Mesa de Contratación realizada en sesión do 24/10/19, que di o seguinte:

#### 11.- Propostas de adxudicación

b) Procedemento aberto para a contratación do servizo sanitario asistencial de CEDRO (2.740-315)

#### **LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo sanitario asistencial de CEDRO (2.740-315)



## Concello de Vigo

### **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 14 de outubro de 2019 adoptou a seguinte resolución:

*“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo sanitario asistencial de CEDRO (2.740-315) na seguinte orde descendente:*

	<b>LICITADOR</b>	<b>Puntuación total</b>
1	EULEN SERVICIOS SOCIO SANITARIOS	61,05
2	SAMAIN SERVIZOS A COMUNIDADE, S.A.	39,25

*Segundo.- Requiritur ao licitador clasificado en primeiro lugar, EULEN SERVICIOS SOCIO SANITARIOS, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):*

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*

**Segundo.-** Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, EULEN SERVICIOS SOCIO SANITARIOS, o día 14 de outubro de 2019, que presenta a documentación requirida o 21 de outubro, dentro do prazo concedido.

**Terceiro.-** A Mesa de Contratación na sesión do 24 de outubro de 2019 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

### **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar EULEN SERVICIOS SOCIO SANITARIOS, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por EULEN SERVICIOS SOCIOSANITARIOS, de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor e das proposicións avaliadas mediante fórmula, de datas 11 e 14 de outubro de 2019, respectivamente.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*Adxudicar a EULEN SERVICIOS SOCIOSANITARIOS o procedemento aberto para a contratación do servizo sanitario asistencial de CEDRO (2.740-315) coas seguintes condicións:*

- a) *O prezo total do contrato é de 2.367.803,53 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 215.254,86 euros.*
- b) *Comprométese a achegar as seguintes melloras de recursos materiais:*
  - *Frigorífico combi para obradoiro de cociña (mínimo categoría enerxética A+, 3 caixóns no conxelador e capacidade deste mínimo de 80 litros. Prezo 450€)*
  - *Placa de indución para obradoiro de cociña (mínimo 3 zonas de cocción, sen marco. Prezo 300-350€)*
  - *Forno multifunción para obradoiro de cociña (mínimo categoría enerxética A, potencia mínima de 3400w, e capacidade mínima de 65 litros. Prezo 300€)*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.*

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.





## Concello de Vigo

### 4(938).- PROXECTO DE ORZAMENTOS XERAIS DO CONCELLO DE VIGO PARA O ANO 2020. EXPTE. 62/142.

Examinadas as actuacións do expediente, vistos os dous informes emitidos polo Interventor xeral con data 24/10/19, dáse conta da proposta do concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, de data 17/10/19, que di o seguinte:

O Proxecto de Orzamentos do ano 2020, comezou o proceso de formación coa elaboración das normas e criterios que se deberían ter en conta para a súa formación. Os marcos orzamentarios remitidos ao MINHAP, para o período 2020-2022, asinado en data 11/03/2019, nº rexistro 2019-00198651-E dos que se deu conta ao Pleno da Corporación na sesión ordinaria de 27 de marzo de 2019, marcan o contexto xeral no que se teñen que formar os estados orzamentarios para o ano 2020.

O segundo paso que fundamenta a formación do orzamento, é o cumprimento, aprobación e remisión das liñas fundamentais do Orzamento para o ano 2020, que foron aprobadas por Resolución da Alcaldía Presidencia de 12/09/2019, asinadas e enviadas ao Ministerio de Hacienda o 12/09/2019, nº de Rexistro 2019-00655446-E, das que se dará conta ao Pleno da Corporación na sesión ordinaria do 30 de outubro.

Polo tanto, o criterio xeral de formación está delimitado polo marco orzamentario e as liñas fundamentais do orzamento, ambos documentos remitidos ao Ministerio de Facenda, a Autoridade Fiscal Independente, así como o contido do previsto no artigo 168 do TRLRFL, aprobado polo RDL 2/2004.

Os criterios que se estableceron nos documentos precitados, foron aplicados ao Proxecto do Orzamento, coa variación en relación co capítulo de investimentos, que a teor dos acordos adoptados, a contía é maior ca prevista no marco orzamentario de medio prazo, e axustada a contía prevista nas liñas fundamentais do orzamento enviadas, aínda que sen repercusión na Regra Fiscal de Gasto, xa que ao ter a cualificación de financiamento finalista, non computan no cálculo.

Así mesmo, hai que ter en conta os acordos adoptados en relación cos obxectivos previstos para continuar pola senda da consolidación fiscal en relación coas regras fiscais de gasto, estabilidade orzamentaria e endebedamento para o seguinte trienio.

En relación ao obxectivos fiscais, están prorrogados os aprobados polo Consello de Ministros en sesión de 7 de xullo de 2017. A esta data non hai acordo das Cortes sobre os obxectivos fiscais do trienio 2020-2022.

En consecuencia, os obxectivos a ter en conta, son os prorrogados do ano 2017 aplicables ao período 2018-2020, que son os que a continuación se reproducen.

Capacidade (+) Necesidade (-) de financiamento, % sobre PIB			
Subsectores	2018	2019	2020
Administración Central	-0,70%	-0,30%	0,00%
Seguridade Social	-1,10%	-0,90%	-0,50%
Comunidades Autónomas	-0,40%	-0,10%	0,00%

Entidades Locais	0,00%	0,00%	0,00%
Total	-2,20%	-1,30%	-0,50%

<b>Débeda segundo Protocolo de Déficit Excesivo, % sobre PIB</b>			
<b>Subsectores</b>	<b>2018</b>	<b>2019</b>	<b>2020</b>
Administración Central e Seguridade Social	70,80%	69,50%	67,60%
Comunidades Autónomas	24,10%	23,30%	22,40%
Entidades Locais	2,70%	2,60%	2,50%
Total	97,60%	95,40%	92,50%

<b>Taxa de Referencia de crecemento de medio prazo do PIB da Economía Española (TRCPIB)</b>			
<b>Subsector</b>	<b>2018</b>	<b>2019</b>	<b>2020</b>
Entidades Locais	2,40%	2,70%	2,80%

O Proxecto de Orzamento que se presenta está a encadrarse no Marco Orzamentario de medio prazo e nas liñas fundamentais remitidas ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas en cumprimento do previsto no artigo 6 e 15 da Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira.

Como criterio máis salientable do anteproxecto, tendo en conta a TRCPIB e os límites que cada ano se aproban como fórmula para conter o gasto dentro da proxección da economía, está o control na evolución do gasto corrente non financeiro que ven sendo unha norma xeral nestes últimos anos. A tal efecto, véñense adoptando medidas de contención do gasto voluntario e operativo, aumentando os empregos nas dotacións en políticas sociais, educativas, emprego, cultura, deportes e sobre todo e na prestación dos servizos públicos básicos.

As variacións que se producen teñen a orixe fundamental nos convenios asinados, que aumentan os recursos para o financiamento dos capítulos 2, 4 e 6 coas especificacións que se fan constar no informe económico de gastos, non supón a consolidación de empregos, polo tanto, non altera o principio de contención.

Coa desagregación que figura na Memoria e no informe económico do estado de gastos, as políticas de prestación de servizos básicos, as de promoción social, educativas e culturais, tiveron crecementos importantes, moi por encima da TRCPIB e da previsión de variación do PIB, sendo en cada caso axustables os investimentos.

O Proxecto está artellado nun contexto económico de escasa variación nos recursos propios, que foron actualizados a unha taxa inferior que a variación do IPC do período maio<sub>2017</sub> - maio<sub>2019</sub>, inferior igualmente que a TRCPIB de medio prazo prevista para o ano 2020, sendo o crecemento dos recursos propios previsto no proxecto de Orzamentos inferior que o previsto nestas macrovariables.



## Concello de Vigo

A esta data, non está en trámite o Proxecto de Orzamento Xeral do Estado para o ano 2020, polo tanto, hai unha ausencia absoluta de información, sendo a base de cálculo dos ingresos que se reflicten no Proxecto de Orzamento que se tramita, a Liquidación Orzamentaria do ano 2018 e as previsións de Liquidación para o ano 2019, información que figura no expediente e detallada no informe económico de ingresos.

Se se ten en conta a totalidade dos recursos correntes non financeiros, a variación entre o ano 2019 e o previsto para o ano 2020, é do 3,40% en termos consolidados, xustificado nos informes técnicos que se incorporan ao expediente.

En canto á cesión dos tributos do Estado e o Fondo Complementario de Financiamento, as previsións coas que se está a traballar, son as correspondentes ás entregas a conta do ano 2019, sin que se estea a estimar a liquidación definitiva do ano 2018.

A transferencia da Administración Central ao Transporte Publico colectivo urbano está a reflectir o ingreso do ano 2018, a esta data non está transferido o correspondente ao ano 2019.

Na análise das variacións que se reflicten, están referenciadas aos estados consolidados.

As achegas ao Transporte colectivo urbano e as da Lei de dependencia e drogodependencia, son axudas que son consideradas afectadas aos efectos da Regra Fiscal de Gasto, xuntamente con todas as previstas no informe económico de gastos e no informe sobre financiamento afectado.

A variación no capítulo 1 está xustificada nas melloras censais, tanto do IBI, IBICES, IVTM e no IAE, producíndose aumentos en todos eles, así como pola actualización que incorporan as Ordenanzas Fiscais.

As variación que se producen no capítulo 2 é do 2,54%, ten causa nunha maior Liquidación do ICIO.

O Capítulo III, ten unha variación do 2,42% nos estados consolidados, sendo a base de cálculo a información sobre la Liquidación do ano 2018 e as previsións de liquidación do ano 2019, información que tamén foi remitida ao MINHAC e que ten a súa xustificación no informe económico de ingresos.

En canto a participación nos ingresos da Comunidade Autónoma, estase a prever as contías das entregas a conta e unha previsión de liquidación como en anos anteriores. Os ingresos a conta rexistrados máis a achega de novembro e decembro, xustifica a previsión estimada para o ano 2020.

As axudas a Drogodependencia manteñen o mesma previsión ca do ano 2019.

O Servizo de Axuda no Fogar mantén a mesma previsión ca do ano 2019, xustificada polo incremento no número de horas na prestación + 128.497,21 horas, polo que, como a Xunta de Galicia financia unha parte do custe, 9,7 euros hora, as previsións que se fixeron axústanse ás horas de servizo que hai que prestar, tendo a sua contrapartida no incremento do custe do contrato.

No capítulo 4, o seu crecemento ten causa na anualidade do proxecto Vigo pola Inserción Laboral da Administración do Estado e na aplicación cuantificada do protocolo asinado coa Deputación de Pontevedra polo plan de asfaltado e cofinanciamento de distintas actividades.

Na cuantificación das previsións contidas no capítulo 7 do estado de Ingresos, -Subvencións de Capital-, a súa orixe é o cofinanciamento do FEDER, ADIF, XUNTA DE GALICIA,

MINISTERIO DE FOMENTO e a DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA, cuxa desagregación por contías e empregos, relacionase no informe económico de gastos e no informe de financiamento afectado.

En canto aos pasivos financeiros, este é o sexto ano que o proxecto de Orzamento que se somete a aprobación, non ten previsto o financiamento con apelación ao mercado de capitais, estando financiado tanto os empregos correntes non financeiros como os de capital non financeiro, con recursos propios ou convenios con outras administracións.

En relación co estado de gastos, as variacións do capítulo 1 teñen a súa orixe na Resolución de 22 de marzo de 2018, da Secretaría de Estado de Función Pública, pola que se publica o II Acordo Goberno-Sindicatos para a mellora do emprego público e as condicións de traballo publicadas no BOE nº 74, de 26 de marzo, establece unha actualización fixa das retribucións para o ano 2020 do 2,00%.

En canto ao incremento variable, no ano 2020, fíxase nun 1,00% adicional sempre e cando se alcance un crecemento do PIB 2,5%, que será axustable á baixa en función da porcentaxe de variación do PIB á baixa en relación co obxectivo do 2,5%. En consecuencia, tendo en contas as previsións da evolución económica, se actualizaron as contías do capítulo 1, nun 2,46%

As variacións na actualización quedará suxeita a entrada en vigor da norma regulamentaria habilitante.

Reflicítese igualmente o previsto no Real Decreto 1449/2018, de 14 de decembro, polo que se establece o coeficiente redutor da idade de xubilación en favor dos policía locais ao servizo das entidades que integran a Administración local, que supón un incremento aplicable sobre a base de cotización do 8,84%, é destopamento das bases de cotización, o que fan incrementar notablemente a contía do custe da seguridade social a cargo da Entidade.

En relación ao capítulo 2, a variación está xustificada no informe económico de gastos, as variacións máis importantes teñen orixe no programa de emprego de inserción laboral que ten unha anualidade no ano 2020 de 1.019.454,30 euros, financiado ao 100% pola Administración Xeral do Estado. Así mesmo, hai que engadir a este incremento, o estudo de custes que servirá para a licitación do novo contrato de xardíns que entrará en vigor en maio do ano 2020, sen prexuízo de aumento do custe do contrato do SAF. En resume, o detalle das variacións teñen explicación no informe económico financeiro.

Artellado o expediente que conforma o Proxecto de Orzamento Xeral para o ano 2020, que está integrado polo da propia Entidade, o Organismo Autónomo Administrativo XMU e como anexo os das Fundacións que forman parte do perímetro de consolidación, MARCO e C. Bureau, visto que o expediente está completo, axustándose ao regulamentado nos artigos 165 a 167 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, comprobado que a súa elaboración axustouse ás directrices dadas, verificado que as dotacións que nel figuran cobren todos os contratos e prestacións necesarias para o bo funcionamento dos servizos e quedando reflectidos a totalidade dos compromisos, en uso das competencias que me foron delegadas pola Resolución da Alcaldía de 18 e 26/06/2019, propónse ao Pleno da Corporación, previo acordo da Xunta de Goberno Local e Ditame da Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, a adopción do seguinte ACORDO:



## Concello de Vigo

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente o Orzamento Xeral do Concello de Vigo para o ano 2020, integrado por:

- Orzamento da Entidade Local.
- Orzamento do Organismo Autónomo Administrativo Xerencia Municipal de Urbanismo.
- Anexo dos Orzamentos das Fundacións: MARCO e CONVENTION BUREAU.

A clasificación e ordenación dos recursos e empregos e a seguinte:

Clasificación por Áreas de Gastos.

Clasificación por Áreas de Gastos e Capítulos

Clasificación por programas de gastos con resume por capítulos.

Clasificación por capítulos de Gastos e Ingresos.

Clasificación económica de ingresos.

Comparativo de gastos e ingresos por capítulos.

Comparativo por Áreas de gasto e capítulos.

Todos os estados orzamentarios están referidos á Entidade e aos estados consolidados.

Achégase a información completa referida igualmente ao Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo.

### CLASIFICACIÓN ECONÓMICA DO ESTADO GASTOS E INGRESOS DA ENTIDADE E COMPARATIVO 2019-2020

CAPÍTULO	Gastos Entidade			Ingresos Entidade		
	Importe 2020	Importe 2019	Variación %	Importe 2020	Importe 2019	Variación %
1	70.028.171,00	67.882.697,30	3,16%	113.296.218,00	108.960.818,00	3,98%
2	128.215.073,84	123.267.438,51	4,01%	8.708.898,82	8.493.508,00	2,54%
3	3.530,00	3.530,00	0,00%	40.156.209,00	39.271.725,53	2,25%
4	33.882.508,26	33.968.597,81	-0,25%	81.735.182,76	80.193.073,39	1,92%
5	600.000,00	600.000,00	0,00%	2.687.000,00	3.020.200,00	-11,03%
Operc. Corr.N.F	232.729.283,10	225.722.263,62	3,10%	246.583.508,58	239.939.324,92	2,77%
6	30.781.098,51	29.812.598,54	3,25%	,00	,00	0,00%
7	1.618.050,46	980.748,24	64,98%	18.544.923,49	16.576.285,48	11,88%
Operacións N.F	265.128.432,07	256.515.610,40	3,36%	265.128.432,07	256.515.610,40	3,36%
8	646.000,00	646.000,00	0,00%	646.000,00	646.000,00	0,00%
9	,00		0,00%	,00		0,00%
Total	265.774.432,07	257.161.610,40	3,35%	265.774.432,07	257.161.610,40	3,35%

**CLASIFICACIÓN ECONÓMICA DE GASTOS E INGRESOS DOS ESTADOS CONSOLIDADOS E COMPARATIVO 2019-2020**

CAPÍTULO	Gastos dos estados consolidados			Ingresos dos estados consolidados		
	Importe 2020	Importe 2019	Variación %	Importe 2020	Importe 2019	Variación %
1	75.451.540,74	71.949.645,30	4,87%	113.296.218,00	108.960.818,00	3,98%
2	130.150.271,39	125.158.944,96	3,99%	8.708.898,82	8.493.508,00	2,54%
3	3.530,00	3.530,00	0,00%	41.598.359,71	40.616.825,53	2,42%
4	28.052.543,26	28.028.597,81	0,09%	82.208.672,36	79.233.196,66	3,76%
5	600.000,00	600.000,00	0,00%	2.688.000,00	3.030.200,00	-11,29%
Operac. Corr.N.F	234.257.885,39	225.740.718,07	3,77%	248.500.148,89	240.334.548,19	3,40%
6	31.109.136,53	30.139.367,36	3,22%	,00	,00	0,00%
7	1.678.050,46	1.030.748,24	62,80%	15.544.923,49	16.576.285,48	11,88%
Operacións. N.F	267.045.072,38	256.910.833,67	3,95%	264.045.072,38	256.910.833,67	3,95%
8	678.000,00	671.000,00	1,04%	678.000,00	671.000,00	3,94%
9	,00		0,00%	,00	,00	0,00%
Total	267.723.072,38	257.581.833,67	3,94%	264.723.072,38	257.581.833,67	3,94%

**CLASIFICACIÓN FUNCIONAL DE GASTOS E COMPARATIVA 2019-2020**

Área	Descripción	Entidade		% var.	Consolidado		% var.
		2020	2019		2020	2019	
0	Débeda Pública	,00	,00	0,00%	,00	,00	0,00%
1	Servizos Públicos básicos	133.640.589,22	130.930.124,19	2,07%	135.589.229,53	131.350.347,46	3,23%
2	Actuación de protección e promoción social	26.386.879,58	24.127.979,87	9,27%	26.386.879,58	24.127.979,87	9,27%
3	Producción B. públicos carácter preferente	42.899.282,51	45.074.856,93	-4,78%	42.899.282,51	45.074.856,93	-4,78%
4	Actuacións de carácter económico	19.486.482,64	19.332.187,28	0,80%	19.486.482,64	19.332.187,28	0,80%
9	Actuacións de carácter Xeral	43.361.198,12	37.696.462,13	15,03 %	43.361.198,12	37.696.462,13	15,03 %
Total		265.774.432,07	257.161.610,40	3,35%	267.723.072,38	257.581.833,67	3,94%

**RESUMO DO ORZAMENTO DE GASTOS E INGRESOS DA XMU E COMPARATIVO 2019- 2020**

CAPÍTULO	Estado de Gastos			Estado de Ingresos		
	Importe 2020	Importe 2019	Variación %	Importe 2020	Importe 2019	Variación %
1	5.423.369,74	4.066.948,00	33,35%			
2	1.935.197,55	1.891.506,45	2,31%			
3				1.442.150,71	1.345.100,00	7,22%



## Concello de Vigo

4	,00	1.368.856,73	-100,00%	6.303.454,60	6.348.980,00	-0,72%
5				1.000,00	10.000,00	-90,00%
<b>Op. Corr. NF</b>	<b>7.358.567,29</b>	<b>7.327.311,18</b>	<b>0,43%</b>	<b>7.746.605,31</b>	<b>7.704.080,00</b>	<b>0,55%</b>
6	328.038,02	326.768,82	0,39%	,00	,00	0,00%
7	60.000,00	50.000,00	20,00%			0,00%
Op. Cap. NF	388.038,02	376.768,82	2,99%	,00	,00	0,00%
<b>T. Op. N.F</b>	<b>7.746.605,31</b>	<b>7.704.080,00</b>	<b>0,55%</b>	<b>7.746.605,31</b>	<b>7.704.080,00</b>	<b>0,55%</b>
8	32.000,00	25.000,00	28,00%	32.000,00	25.000,00	28,00%
<b>Total</b>	<b>7.778.605,31</b>	<b>7.729.080,00</b>	<b>0,64%</b>	<b>7.778.605,31</b>	<b>7.729.080,00</b>	<b>0,64%</b>

### FUNDACIÓNS

#### MUSEO DE ARTE CONTEMPORÁNEA (MARCO)

CONCEPTOS	Empregos			Recursos			Variación
	Importe 2020	Importe 2019	Variación		Importe 2020	Importe 2019	
G. Persoal	295.044,96	303.688,00	-8.643,04	Ingresos actividade	66.046,81	50.000,00	16.046,81
Cons. eléctrico	68.168,00	68.168,00	,00	Subv. doazóns	740.000,00	740.000,00	,00
Exposicións	164.116,86	147.000,00	17.116,86	Achegas usuarios	15.000,00	15.000,00	,00
Outros g. Activ.	270.977,00	270.977,00	,00	Patrocinio La Caixa	10.000,00	10.000,00	,00
G.Financeiros	1.000,00	1.000,00	,00				,00
Amortiza. Inmv.	31.739,99	24.167,00	7.572,99				
Operac. N.F	831.046,81	815.000,00	16.046,81		831.046,81	815.000,00	16.046,81

#### CONVENTION BUREAU (CB)

CONCEPTOS	Empregos			Recursos			Variación
	Importe 2020	Importe 2019	Variación		Importe 2020	Importe 2019	
G. Persoal	181.383,13	177.826,60	3.556,53				
Cons. e gast. xestión	10.500,00	9.504,24	995,76	Subv. doazóns	218.000,00	218.000,00	,00
Publ.mat. Promoc.	17.601,87	2.954,16	14.647,71	Achegas socios	9.000,00	14.000,00	-5.800,00
Acc. promoción	264.000,00	289.000,00	-25.000,00	Out. ingresos	250.000,00	250.000,00	,00

P. outros entes	3.515,00	3.515,00	,00				,00
Operac. N.F	477.000,00	482.800,00	-5.800,00		477.000,00	482.000,00	-5.800,00

SEGUNDO.- Aprobar as Bases de Execución que serán de aplicación á Entidade Local e Xerencia Municipal de Urbanismo, coa excepción da regulación propia que se aprobe para o Organismo Autónomo.

TERCEIRO.- Aprobar as Bases de Execución específicas da Xerencia Municipal de Urbanismo.

CUARTO.- Aprobar o cadro de persoal e plantilla da Entidade Local e da Xerencia Municipal de Urbanismo.

QUINTO.- Aprobar o Plan de Investimento-Financiamento 2020-2023, que quedará sometido aos axustes que cada ano se estableza, producíndose a revisión do mesmo en cada ano.

SEXTO.- Someter o expediente aos requisitos de publicidade e exposición pública que regula o artigo 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

SÉTIMO.- O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentan reclamacións; o acordo de aprobación inicial elevarase a definitivo, entrando en vigor unha vez publicado na forma prevista no parágrafo 3 do artigo 169 do TRLRFL. En caso contrario, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas, contado a partir do día seguinte á finalización do de exposición ao público, e as reclamacións consideraranse rexeitadas en calquera caso se non se resoven no acordo de aprobación definitiva (artigo 20 do RP).

En cumprimento do previsto no apartado seis do artigo 21 do RD 500/90, o Orzamento definitivo que se aprobe para o ano 2020, terá os seus efectos dende o un de xaneiro e os créditos nel incluídos terán a consideración de créditos iniciais.

Se o dereito positivo de aplicación é alterado por modificación das normas citadas, ou por desenvolvemento da normativa legal ou regulamentaria, polo Pleno da Corporación acordaranse os axustes orzamentarios ou de liquidación e contables que procedan mediante o axuste das magnitudes, créditos e conceptos que corresponda conforme ás normas de aplicación ou ao interese xeral.

Se a Lei dos Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2020 ou outra norma de igual rango, alterase as contías nas entregas a conta para o ano 2020, se fose o caso, procederase a facer os axustes para facer fronte aos cambios introducidos polo devandito corpo legal se estas tivesen unha repercusión negativa no cumprimento dos obxectivos fiscais de estabilidade e da regra de gasto.

O Pleno da Corporación pronunciarase, previo acordo da Xunta de Goberno Local e ditame da Comisión Informativa, sobre proposta da Concellería Delegada de Orzamentos e Facenda.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno Local presta conformidade á precedente proposta.





## Concello de Vigo

### 5(939).- APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DA XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO. EXPTE. 11700/407.

Visto o informe do secretario da Xerencia de Urbanismo de data 22/10/19, dáse conta do informe-proposta da mesma data, asinado polo xefe dos Servizos Centrais e o Xerente, que di o seguinte:

#### 1.- ANTECEDENTES.

Con data 26.12.2018 o Pleno da Corporación aprobou con carácter definitivo o Orzamento do Concello para o exercicio 2019, incluíndo o do Organismo Autónomo "Xerencia Municipal de Urbanismo" (aprobación definitiva publicada no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra nº 248 de 28.12.2018).

Dito Orzamento, no seu Anexo de Persoal, incluía o seguinte cadro de persoal, integrado por 81 prazas de funcionarios e a praza do Xerente como órgano directivo:

#### A) FUNCIONARIOS DE CARREIRA:

DENOMINACION DA PRAZA	NºPRAZAS	ESCALA	SUBESCALA	CLASE
ARQUITECTO	11	ADMON.ESPECIAL	TÉCNICA	SUPERIOR
TÉCNICO DE ADMON.XERAL	12	ADMON.XERAL	TÉCNICA	SUPERIOR
TÉCNICO SUPERIOR SERVIZOS ECONÓMICOS	1	ADMON.ESPECIAL	TÉCNICA	SUPERIOR
TÉCNICO DE SISTEMAS	1	ADMON. ESPECIAL	TÉCNICA	SUPERIOR
ENXEÑEIRO SUPERIOR INDUSTRIAL	1	ADMON. ESPECIAL	TÉCNICA	SUPERIOR
TÉCNICO SUPERIOR URBANISMO	2	ADMON. ESPECIAL	TÉCNICA	SUPERIOR
TÉCNICO DE MEDIO AMBIENTE	1	ADMON. ESPECIAL	TÉCNICA	SUPERIOR
ENXEÑEIRO TÉCNICO OO.PP.	1	ADMON.ESPECIAL	TÉCNICA	MEDIA
ARQUITECTO TÉCNICO	1	ADMON.ESPECIAL	TÉCNICA	MEDIA
ENXEÑEIRO TÉCNICO IND.	2	ADMON.ESPECIAL	TÉCNICA	MEDIA
TECNICO MEDIO OBRAS PÚBLICAS	1	ADMON.ESPECIAL	TÉCNICA	MEDIA
TÉCNICO MEDIO SERV.EC.	1	ADMON.ESPECIAL	TÉCNICA	MEDIA
ARQUIVEIRO	1	ADMON.ESPECIAL	TÉCNICA	MEDIA
PROGRAMADOR INFORMÁTICA	2	ADMON. ESPECIAL	TÉCNICA	AUXILIAR (C1)
INSPECTORES DE URBANISMO	6	ADMON.ESPECIAL	TÉCNICA	AUXILIAR (C1)
ADMINISTRATIVO	30	ADMON XERAL	ADMVO.	
AUXILIAR ADMINISTRATIVO	4	ADMON.XERAL	AUXILIAR	
AUXILIAR REPROGRAFÍA-DIXITALIZACIÓN	1	ADMON. ESPECIAL	COM.ESP.	
ALGUACIL-NOTIFICADOR-ORDENANZA	2	ADMON. XERAL	SUBALTERNO	

SUBTOTAL = 81

#### B) ORGANO DIRECTIVO: XERENTE.

1

A vixente relación de postos de traballo (RPT a partir de agora) da Xerencia Municipal de Urbanismo aprobouse por acordo da Xunta de Goberno Local de 27 de setembro de 2013 e foi publicada no Boletín Oficial da Provincia o 13.11.2013. Foi modificada mediante acordo da propia Xunta de Goberno Local de 26.12.2016 e publicada integramente no BOP de 13.03.2017.

As propostas de modificación contidas neste expediente e que afectan ás materias obxecto de negociación, de conformidade co artigo 37 do Estatuto Básico do Empregado Público (RD Legislativo 5/2015, de 30 de outubro), foron obxecto da devandita negociación. Achéganse as actas das reunións cos sindicatos.

Con data 22.10.2019 substitúese o trámite "COM", relativo ó cálculo da variación retributiva dos postos, omitindo os datos persoais e referíndose exclusivamente ó posto de programador/a informático/a. Dito trámite foi incluído no seu día por petición do Interventor Xeral a título informativo.

## **2.- MODIFICACIÓNS PROPOSTAS.**

### **2.1.- Modificacións no organigrama xeral.**

O organigrama recolle a estrutura actual do Organismo, coas seguintes variacións:

- A Oficina de Secretaría dependerá directamente do Xerente, sen prexuízo das ordes que reciban do Secretario da Xerencia nas materias da súa competencia (fe pública e asesoramento legal).

- Intégrase no departamento de Servizos Centrais, ademais dos actuais (Servizos económicos, Persoal, Contratación e Conserxería/notificacións), as unidades/servizos de Rexistro, Información, Arquivo, Administración Electrónica e Vivenda/PMS/Rexistro de Solares.

- Na Área Técnica intégrese (ademais de Intervención Urbanística -que abrangue Licenzas, Barrios Históricos, Disciplina Urbanística e Conservación/ITE- e Desenvolvemento Urbanístico) Urbanización e Infraestruturas, Cartografía, Obras e Proxectos Municipais.

Búscase unha maior coordinación entre as unidades e servizos existentes, intentando compartir medios humanos e técnicos. A utilización eficiente destes recursos, dadas as limitacións existentes, persegue o obxectivo permanente de prestar un mellor servizo ós cidadáns. Todo elo sen prexuízo da necesidade de, cando menos, dotar as prazas vacantes existentes.

### **2.2.- Modificacións no departamento de Intervención Urbanística.**

Con esta idea de acadar unha maior operatividade no departamento de Licenzas, elimínanse os postos de "Xefe/a xurídico-administrativo Licenzas" e "Xefe/a oficina técnica Licenzas" e créase o posto único de "Xefe/a de Licenzas". Dita xefatura abarcará as tres seccións actuais: a xurídico-administrativa, a técnica de obras e a técnica de actividades. No



## Concello de Vigo

departamento de Intervención Urbanística, ademais desta Xefatura de Licenzas, mantense os servizos de Disciplina Urbanística e de ITE e Conservación.

### **2.3.- Modificacións no departamento de Desenvolvemento Urbanístico.**

No departamento de Desenvolvemento Urbanístico elimínanse os postos de “Adxunto ó xefe de Desenvolvemento Urbanístico” e o de “técnico de administración xeral” (este último dentro de Planeamento/Xestión) e se crean, a efectos dunha maior especialización e responsabilización, dous postos:

- “Técnico xurídico de Planeamento xeral e supramunicipal”: Ademais de realizar informes xurídicos no planeamento xeral e supramunicipal, realizará as funcións propias dun técnico de administración xeral na tramitación de ordenanzas e outras disposicións xerais de carácter urbanístico.

- “Técnico xurídico de Xestión e Planeamento de desenvolvemento”: Realizará as funcións propias dun técnico de administración xeral en materia de execución do planeamento (xestión) e de planeamento de desenvolvemento.

En calquera caso e sempre dentro das funcións propias dun técnico de administración xeral, ambos postos de “técnico xurídico” substituiranse entre si en caso de ausencia de calquera delas e desenvolverán as funcións e cometidos que os superiores lle encomenden non solo en materia de Planeamento e Xestión, senón tamén en calquera do Departamento de Desenvolvemento Urbanístico.

Respecto ó persoal administrativo (na actualidade dentro do servizo de Planeamento e Xestión), pasará a estar asociado ó Departamento de Desenvolvemento urbanístico e estará integrado por un posto de xefe/a de oficina de Desenvolvemento urbanístico e por dous postos de administrativo/a.

### **2.4.- Modificacións en Xefatura.**

Na Xefatura créase un posto de Xefe/a de oficina, volvendo a dispor a Xefatura deste posto; que foi eliminado na modificación da relación do postos de traballo aprobada por Xunta de Goberno Local o 25.09.2009 (BOP nº 210 de 30.10.2009). Este posto ten encomendadas funcións vinculadas ás desenvoltas polo Xerente e a Concelleira Delegada de Urbanismo; en especial:

- Ordenar e racionalizar a atención ós cidadáns que se dirixen á Xefatura, obtendo información dos servizos afectados e derivando aqueles a estes cando sexa posible.

- Organizar e levar a axenda de traballo da Concelleira e do Xerente.

- Organizar as reunións convocadas polos citados órganos, tanto cos responsables dos servizos e demais funcionarios, como cos colectivos e terceiros externos á Xerencia de Urbanismo.

- Favorecer e materializar as comunicacións da Concelleira e do Xerente coa entidade matriz do Concello, con outros organismos e entidades, cos propios cidadáns e cos servizos da Xerencia.

- Todas aquelas que sexan encomendadas pola Concelleira e polo Xerente e sexan propias dunha praza de administrativo e dun xefe de oficina/negociado, incluíndo ás de xefe/a do persoal administrativo de apoio.

## **2.5.- Modificación derivada do acordo da Xunta de Goberno Local de 23 de novembro de 2018 (aprobación inicial) e de 28 de decembro de 2018 (aprobación definitiva, BOP de 18.01.2019, expediente 32.837/220), de adecuación retributiva de determinados postos.**

Con data 28.12.2018 a Xunta de Goberno Local deste Concello de Vigo aprobou definitivamente a modificación da relación de postos de traballo do ente matriz, que supón:

1) O incremento do complemento específico en 895,02 euros ó ano (importe correspondente ó exercicio 2018) ós administrativo/as e ós xefe/as de oficina e negociado que tiñan asignado un complemento específico co código 313 (todas agás a de Rexistro).

2) O incremento do complemento específico en 1.683,78 euros ó ano (importe correspondente ó exercicio 2018) ós alguacís – notificadores.

Dado que o persoal da Xerencia de Urbanismo está equiparado nos seus dereitos e obrigas ó conxunto do persoal do Concello, séndolle de aplicación o seu acordo regulador (artigo décimo quinto dos Estatutos vixentes), os mesmos representantes sindicais solicitaron a adecuación retributiva dos postos equivalentes no Organismo Autónomo.

Analizada a avaliación realizada polo departamento de Recursos Humanos do ente matriz deste Concello de Vigo, concretada no informe da técnica de avaliación e formación de dito departamento, de data 19.11.2018 (expediente 32.837/220), conclúese na aplicabilidade total dos argumentos e criterios de avaliación empregados.

- En relación cos postos de administrativo/a e de xefe/a de negociado/oficina, con específico codificado co número 313, os criterios de avaliación son exactamente os mesmos, sintetizándose na maior complexidade derivada da implantación total da Administración Electrónica que obriga a unha formación continua máis especializada e un desenvolvemento de tarefas máis cualificadas. Da mesma forma que no ente matriz, a adecuación retributiva do específico debe gardar coherencia co asignado ós auxiliares administrativos na revisión aprobada pola Xunta de Goberno o 14.11.2016 para o ente matriz e o 30.12.2016 para a Xerencia de Urbanismo (expediente 9120/407).

- En relación cos dous postos de alguacís-notificadores, cabe aplicar os argumentos utilizados na avaliación realizada polo ente matriz, coas seguintes matizacións:

1º.- Dado o menor tamaño desta organización, a Xerencia Municipal de Urbanismo dispón, entre o seu persoal propio, unicamente de dous postos no grupo E de persoal subalterno, cualificados como alguacís-notificadores, pero que realizan de forma indistinta funcións tanto



## Concello de Vigo

de ordenanzas como de notificadores. Dita polivalencia é necesaria para un funcionamento eficiente do persoal dispoñible, tendo en conta que as necesidades de notificación varían continuamente. Mantense pois dita polivalencia.

2º.- A asunción da responsabilidade de conducir vehículo municipal debe comprender tamén a utilización do vehículo propio. A negativa a asumir dita responsabilidade, sexa de vehículo municipal ou propio, pode derivar na redución do complemento específico incluído neste informe-proposta.

### **2.6.- Administrativas/os de Desenvolvemento urbanístico.**

Con data 31.01.2018 o Xulgado do Contencioso-administrativo nº 1 de Vigo ditou sentenza estimatoria do recurso contencioso-administrativo interposto por D<sup>a</sup> María Elena Rodríguez Pequeño e D<sup>a</sup> Sonia María Pastor Diéguez, declarando o dereito das demandantes a percibir *“un complemento por produtividade polas labores administrativas desenvoltas no Departamento de Cartografía e no de Urbanización e Infraestruturas, de acordo co establecido na Instrución 3ª das Instrucións de Plantilla do persoal ó servizo da Corporación e os seus Organismos Autónomos aprobadas en 2010.”*

Na presente proposta de modificación da relación de postos de traballo, os postos ocupados polas citadas administrativas e pola xefatura de negociado/oficina son situados na área de desenvolvemento urbanístico, para deixar constancia -de forma explícita- que o seu traballo abarca tanto o de Planeamento e Xestión, como o de Cartografía e o de Urbanización e Infraestruturas.

Como consecuencia de dita variación e de conformidade co manifestado polos representantes sindicais, modifícase ó alza o complemento específico nunha contía equivalente ó 6% das retribucións complementarias. Dita porcentaxe obtívose mediante a medición do peso do traballo de Cartografía e de Urbanización e Infraestruturas no conxunto do Departamento de Desenvolvemento Urbanístico. Dito incremento, cifrado en 1.005,17 euros anuais por posto, é de aplicación a xefatura da oficina e ós postos de administrativos/as. A singularización destes últimos postos suporá que a súa forma de provisión sexa a de concurso.

### **2.7.- Equiparación das retribucións das xefaturas de servizo.**

Aquelas unidades que pola súa autonomía e ámbito competencial teñan a cualificación de “Servizo”, deberán estar dotadas cunha xefatura reservadas ó subgrupo A1 e cunhas retribucións equiparadas cun complemento de destino 28 e un complemento específico “650” (23.723,57 euros/ano no Orzamento 2019).

Isto supón a equiparación das seguintes xefaturas:

- 1.- Xefatura de Administración Electrónica.
- 2.- Xefatura de Planeamento e Xestión.
- 3.- Xefatura de Licenzas (creado coas citadas retribucións).
- 4.- Xefatura de Disciplina Urbanística.

En consecuencia, propónse a modificación do complemento de destino da xefatura de Administración Electrónica que pasa do 26 ó 28 e o incremento do complemento específico da xefatura de Disciplina Urbanística en 1.454,51 euros/ano (pasa do CE “660” a “650”).

## **2.8.- Outras modificacións puntuais.**

Ademais da adecuación da asignación dos postos non singularizados a cada unidade/servizo de conformidade coa situación real existente e co novo organigrama, realízanse os seguintes cambios:

- Transfórmase o posto de Xefa/e Vivenda e PMS en Técnico de Administración Xeral, toda vez que a unidade de Vivenda e PMS incorpórase ós Servizos Centrais.
- Elimínase o posto de Xefa/e de Asesoramento Xurídico por ser asumido o asesoramento xurídico preceptivo polo Secretario e existir prazas de técnicos de administración xeral, con competencia de asesoramento xurídico, nos distintos servizos urbanísticos que o requiren.
- Equiparación do complemento específico da xefatura do Rexistro da Xerencia coa do asignado á xefatura do Rexistro do Concello. Débese ter en conta as funcións desenvoltas non solo na cualificación da documentación presentada (a efectos de asignación dun específico procedemento), senón as asumidas como Rexistro electrónico de entrada e saída: o que supón a relación constante tanto con todos os servizos e unidades da Xerencia (relación interna), como con outras entidades (relación externa co ente matriz do Concello, con outras Administracións e co resto de entidades demandantes de información ou servizos urbanísticos). Asígnase o complemento específico “305” (incremento de 4.098,18 euros/ano en 2019).
- Equiparación do complemento específico dun posto de programador informático da Xerencia ó complemento específico do posto de programador de sistemas do Concello: asignación do complemento específico “88” (incremento de 1.153,82 euros/ano en 2019) e red denominación do posto como “programador de sistemas”. Implica a asunción de responsabilidade no funcionamento operativo do sistema informático da Xerencia de Urbanismo, en relación cos equipos e aplicacións instaladas e garantido a conectividade co Concello e co resto de Administracións, baixo a supervisión do xefe/a responsable da Administración Electrónica.

## **2.9.- Modificacións no sistema de provisión.**

Modifícase maioritariamente o sistema de provisión dos postos, xeralizándose o concurso como forma ordinaria e limitándose a libre designación ó posto de Xerente, seguindo na súa provisión o previsto polo artigo décimo primeiro dos Estatutos, que lle atribúen -de conformidade co artigo 85.bis.1.b)- o carácter de órgano directivo.

Dentro do concurso distínguese entre concurso ordinario e concurso específico. O sistema xeral é o concurso ordinario (77 postos) e o concurso específico (regulado no artigo 91 da



## Concello de Vigo

Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia) resérvase, dadas as súas peculiaridades, a 4 postos:

- Xefe/a de Servizos Centrais.
- Xefe/a de Planeamento e Xestión.
- Xefe/a de Licenzas.
- Xefe/a de Disciplina Urbanística.

A singularidade e peculiaridade destes postos determina que a avaliación dos méritos, capacidades, coñecementos e aptitudes siga uns criterios moi específicos.

Por indicación do Secretario, elimínase o cambio de adscrición como forma de provisión; sen prexuízo dos traslados que, de forma motivada, se poidan aprobar entre postos non singularizados. Utilízase o acrónimo “CO” para o “concurso ordinario” (a maioría dos postos) e “CE” para o “concurso específico” (os catro postos sinalados).

### **2.10.- Negociación cos representantes sindicais.**

De conformidade co previsto na normativa vixente (artigo 37 do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 5/2015, e artigo 153 da Lei 2/2015 do emprego público de Galicia), a presente proposta de modificación da relación de postos de traballo foi obxecto de negociación cos representantes sindicais (achéganse ó expedientes as actas das reunións, de datas 22 de outubro e 19 e 20 de decembro de 2018). Os representantes dan conformidade a devandita proposta.

### **2.11.- Inclusión do persoal do ente matriz adscrito á Xerencia Municipal de Urbanismo.**

De conformidade co criterio do Secretario, deberán incluírse na relación de postos de traballo do Organismo Autónomo, aqueles postos que na actualidade están ocupados por persoal adscrito do Concello e incluídos na relación de postos de traballo do ente matriz.

Desta forma se daría cumprimento ó establecido polo artigo 202.1 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia (DOG nº 82 de 04.05.2015 e BOE nº 123 de 23.05.2015), que dentro do seu título X adicado a *“especialidades do persoal ó servizo das entidades locais”*, expresa que *“as entidades locais deberán elaborar unha relación de postos de traballo que conteña todos os postos de traballo existentes nas mesmas”*.

Esta incorporación dos postos actualmente incluídos na relación de postos de traballo do ente matriz, responde á “autonomía de xestión” e á “potestade de auto-organización” que lle atribúen os vixentes Estatutos á Xerencia Municipal de Urbanismo (Estatutos aprobados, na súa versión consolidada, polo Pleno da Corporación o 6 de setembro de 2010 e publicados no BOP de Pontevedra de 6 de outubro de 2010).

Dado que na actualidade a dotación orzamentaria destes postos se encontra no capítulo primeiro do Orzamento do ente matriz e que o persoal que os ocupa son funcionarios de carreira con praza no cadro de persoal do ente matriz, deberase adecuar previamente o Orzamento Xeral do Concello de Vigo a dita necesidade de incorporación dos postos. A

dotación destes postos deberá realizarse no capítulo primeiro do Orzamento do Organismo Autónomo.

Esta regularización estase incorporando na actualidade ó Proxecto de Orzamento para o exercicio 2020, debéndose ser obxecto de negociación colectiva con la representación sindical del persoal do Concello de Vigo na Mesa xeral de negociación.

En calquera caso, a aprobación dunha relación de postos de traballo única estará vinculada a entrada en vigor do Orzamento Xeral municipal para o exercicio 2020 e a correspondente aprobación definitiva da RPT do Concello de Vigo que se tramite e aprrobe en execución do modelo organizativo de planificación de plantillas que contemple o Orzamento.

### **3.- FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA.**

#### **3.1.- Competencia do Organismo Autónomo.**

En relación coa regulación dos Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo (aprobados polo Pleno de 6.09.2010 e publicados no BOP de 6.10.2010), o seu artigo décimo cuarto expresa que este Organismo Autónomo dispón dos seguintes efectivos:

- a) Persoal funcionario de carreira do Concello de Vigo en réxime de adscrición.
- b) Persoal funcionario de carreira propio do organismo autónomo.
- c) Con carácter excepcional, persoal laboral fixo ou temporal

O artigo segundo dos citados Estatutos, no seu apartado 2º, determina que *“para o cumprimento das súas finalidades, goza de personalidade xurídica pública propia, capacidade xurídica, con patrimonio e tesourería propios, así como autonomía de xestión.”*

O apartado 3º deste artigo segundo dos Estatutos expresa que *“na súa calidade de administración pública, dentro da esfera das súas competencias e de conformidade co disposto no artigo 6 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, a Xerencia Municipal de Urbanismo ten as potestades administrativas propias seguintes”,* entre elas: *“a) Potestade de auto-organización.”*

#### **3.2.- Órgano competente.**

O artigo terceiro, punto 8, dos Estatutos da Xerencia atribúe ó Concello a aprobación da relación de postos de traballo, que desde de acordo co artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases de réxime local, é competencia da Xunta de Goberno Local.

O artigo décimo, punto 1, dos propios Estatutos da Xerencia establecen que *“correspóndelle ó Consello da Xerencia elevar ó Pleno ou á Xunta de Goberno Local propostas de resolución das seguintes materias: ...f) Proposta de aprobación...da relación de postos de traballo do organismo autónomo,...”.*





## Concello de Vigo

### 3.3.- Contido e tramitación.

O artigo 74 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aprobou a Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (BOE nº 261 de 31.10.2015), establece que *“as Administracións Públicas estruturarán a súa organización a través de relacións de postos de traballo ou outros instrumentos organizativos similares que comprenderán, polo menos, a denominación dos postos, os grupos de clasificación profesional, os corpos e escalas, no seu caso, a que estean adscritos, os sistemas de provisión e as retribucións complementarias. Ditos instrumentos serán públicos”*.

O artigo 202 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia (DOG nº 82 de 04.05.2015 e BOE nº 123 de 23.05.2015), dentro do seu título X adicado a *“especialidades do persoal ó servizo das entidades locais”*, expresa:

*1. As entidades locais deberán elaborar unha relación de postos de traballo que conteña todos os postos de traballo existentes nas mesmas.*

*2. A relación de postos de traballo, previo cumprimento dos trámites preceptivos que correspondan, será aprobada inicialmente polo órgano da entidade local que resulte competente segundo o establecido pola lexislación de réxime local e sometida a información pública por un prazo non inferior a vinte días. Transcorrido dito prazo, a aprobación elevarase a definitiva se non se formularon reclamacións, suxestións ou alegacións. En caso contrario, a relación de postos de traballo deberá ser obxecto de aprobación definitiva, previa resolución das reclamacións, suxestións ou alegacións presentadas.*

*3. Unha vez aprobada definitivamente, da relación de postos de traballo remitirase copia ós órganos competentes da Administración xeral do Estado e da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia dentro do prazo de trinta días, e será publicada integramente no boletín oficial da provincia.*

De conformidade co artigo 3.3 do Real Decreto 128/2018, a modificación da relación de postos de traballo, require informe previo do Secretario, podéndose substituír por unha nota de conformidade sobre este informe xurídico e proposta (artigo 3.4 do propio RD 128/2018).

### 4.- FINANCIAMENTO.

As variacións de condicións retributivas supoñen globalmente un incremento de 24.443,62 euros, que se obteñen do consignado, no Orzamento para 2019, nos conceptos 1510.1210109 (*“actualización de retribucións”*) e 1510.1310000 (*“persoal laboral eventual”*): 12.450,88 euros e 17.151,63 euros, respectivamente.

Ditos importes xa estaban consignados en 2018, polo que o incremento retributivo non supera os límites marcados pola Lei de Orzamentos do Estado (Lei 6/2018, de 3 de xullo, prorrogada a 2019).

Ditas adecuacións retributivas, polo seu volume e motivación, son singulares e excepcionais, resultan imprescindibles polo contido dos postos de traballo e veñen derivadas da necesaria avaliación, toda vez que non foron revisados nos últimos dez anos.

## **5.- PROPOSTA.**

Por todo o exposto, propónse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Estender ós postos de traballo non singularizados denominados “Administrativo/a”, “Alguacil Notificador” e “Xefes de Negociado/Oficina” da Xerencia Municipal de Urbanismo os efectos das adecuacións retributivas acordadas pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 28.12.2018, procedendo a variación da contía nos códigos retributivos do complemento específico da relación de postos de traballo da XMU.

Segundo.- Aprobar o organigrama do Organismo Autónomo da Xerencia Municipal de Urbanismo, que se anexa a esta proposta (ANEXO I), incluíndo as funcións asignadas -sen carácter limitativo- ós diferentes servizos e unidades administrativas que integran dito organigrama (ANEXO II).

Terceiro.- Aprobar inicialmente a modificación da relación de postos de traballo (RPT) do Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo, aprobada pola Xunta de Goberno Local na sesión de 26.12.2016 e publicada integramente no BOP de 13.03.2017, de conformidade co catálogo de postos que se achega (ANEXO III).

Cuarto.- Dispoñer a publicación de dita aprobación inicial no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, en cumprimento do previsto no artigo 202 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia.

Quinto.- Instar ós servizos municipais competentes a realizar os trámites pertinentes na confección do Orzamento Xeral do Concello para 2020, que permitan a unificación da relación de postos de traballo da Xerencia Municipal de Urbanismo, que quedará condicionada á preceptiva negociación colectiva coa representación sindical do persoal do Concello na Mesa xeral de negociación, á entrada en vigor de dito Orzamento e á aprobación definitiva da RPT do Concello que se tramite e aprobe en execución do modelo organizativo de planificación de plantillas que contemple o Orzamento.

O Consello de Xerencia da Xerencia municipal de Urbanismo, en sesión extraordinaria e urxente do 23/10/19, acordou: elevar o presente expediente á Xunta de Goberno Local para a súa resolución.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



## **Concello de Vigo**

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás trece horas e trinta minutos. Como secretaria dou fé.

ME.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,  
Yolanda Aguiar Castro.

O ALCALDE  
Abel Caballero Álvarez